

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 4 de DECEMBRO DE 2002**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro mércores, día 4 de decembro de 2.002, ás **DEZASETE HORAS**.

### ASUNTOS

#### Economía, Facenda e Especial de Contas

1.-Presuposto Xeral para o exercicio 2003 e Bases de Execución.

#### Persoal, Réxime Interior e Informática

2.-Aprobación do Plan de Emprego da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

3.-Aprobación do Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo ano 2003.

#### Comisión de Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

4.-Proposición da Presidencia: Aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a realización de obras e equipamentos na residencia de ancianos “Dolores Díaz Dávila”.

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 4 DE DECEMBRO DE 2002.**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 4 de decembro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

#### **CONCORRENTES**

#### **PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### **ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:**

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE

DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Non asiste o Sr. Mirás Franqueira.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás dezasete horas, o Sr. secretario procede a le-la Resolución nº 18.732, do 29 de novembro de 2002, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

## **1.-PRESUPOSTO XERAL PARA O EXERCICIO 2003 E BASES DE EXECUCIÓN.**

### INTERVENCIONS

#### Sr. Erias Rey

Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, hoxe traemos aquí o orzamento preventivo para o exercicio 2003, que é un orzamento que ten como criterio fundamental o orzar desde unha perspectiva prudente todas aquelas necesidades que, desde un estricto realismo é

posible afrontar e ademais tódalas (diríamos) necesidades ou oportunidades que os concellos teñen para mellor cumprir a Deputación provincial as finalidades que ten encomendadas.

Debemos salientar que dentro destes orzamentos estase nunha liña de manter o criterio de estabilidade orzamentaria, tal e como está enmarcado pola lexislación vixente, e con ese criterio intentar tamén que tódolos cidadáns continúen deleitándose deste valor tan importante, xa asentado na sociedade española e que desde os diferentes ambientes están percibindo tanto os cidadáns coma os axentes económicos.

Do orzamento presentado cabería salientar o importante esforzo que a Deputación provincial vai facer en todo o que ten que ver coa continuidade no investimento, na mellora da rede provincial de estradas, e de continuar desenvolvendo tódolos plans que ata o momento presente se veñen facendo, o Plan de infraestructuras locais de transporte, que resultou moi exitoso e así nolo fixeron saber os concellos, pois tamén no presente exercicio dótase dunha maneira potente para, se chegado o momento da incorporación de remanentes, considerárase necesario suplementalo para atender debidamente esas novas necesidades que poidan existir.

O Plan de obras e servicios continúa na mesma liña, cun crecemento prudente, 20 millóns de euros fronte ós 18.400.870.- do ano pasado. O Programa operativo local, 7.480.230.- euros, fronte ós 7.422.000.- Xa sinaléi a continuidade cos investimentos na rede de estradas e o Plan XXI de infraestructuras locais de transporte; investimentos na creación de instalacións deportivas, na promoción de actividades culturais e deportivas, por preto de 20 millóns de euros; actividades de asistencia social, preto a 5 millóns de euros. E despois un conxunto de plans novos que teñen que ver coa catástrofe que, desafortunadamente, produciuse hai poucos días nas nosas costas, un plan de apoio turístico para os municipios afectados polo vertido do petróleo, un plan de rexeneración ambiental para o litoral afectado polos propios vertidos, a duplicación da dotación do Plan de limpeza de praias, e tamén un esforzo importante co apoio a tódalas confrarías, o plan de fomento pesqueiro, que neste caso leva 769.000 euros, fronte ós 360.000 do ano pasado.

Nesa liña de colaboración interinstitucional continúaase coa posta en marcha do consorcio provincial de bombeiros, novo programa, por un importe de 2.073.000.- euros; o Plan de extinción de incendios, por 790.000.- euros; e todo un conxunto de actuacións que ten un marcado carácter continuísta, e que veñen atender todas aquelas necesidades que ata agora viñamos desenvolvendo cos concellos da provincia.

Polo tanto, desde este exercicio de realismo, desde este escenario de prudencia, desde este escenario de compromiso con tódolos cidadáns da provincia, o orzamento, pensamos que é un instrumento adecuado para contribuír a mellorar as condicións nas cales

os veciños da provincia da Coruña veñen realizando as distintas tarefas, cadaquén nos seus ambientes.

Por iso, gustaríanos que os grupos da oposición tamén comprenderan que de todos é desexable moitas veces multiplicar os recursos, e iso non é sinxelo porque non hai máis nada que coñecidas, que se me alcance a atisbar, dúas posibilidades: o incrementar, se hai capacidade lexislativa e financeira para facelo, os ingresos, ou se é o caso, diminuír os compromisos de gasto, ou incrementar o endebedamento. Esta última alternativa, como ben coñecen vostedes non é posible, e ademais, desde a nosa perspectiva, endebedarse significa ter que, non dispendo de recursos, apelar á débeda, débeda e déficit non son as mellores formas de proporcionar benestar no futuro, por eses motivos nosoutros non só asumimos o compromiso de estabilidade, senón que pensamos que é un elemento moi positivo para encarar o futuro despexando incertezas e poñer encima da mesa os beneficios que isto reporta. Recentemente, os que se dedican a profundar no que representa este valor para a sociedade europea, manifestan que preto dun 1% do crecemento do PIB dos estados da Unión Europea débese o beneficio proporcionado polo pacto de estabilidade de crecemento económico. En España ese valor chega a o 1,7% é dicir, case duplica o que representa para a Unión Europea.

Entón, conscentes deste asunto que é un valor, tamén nosoutros asumimos o compromiso de que os nosos orzamentos, respondendo ás necesidades, racionalizando o gasto público e procurando ser máis eficientes, intentamos sempre proporcionar maiores servicios que desde esta institución se pode ofrecer ós concellos da provincia.

Máis nada, moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Pensara comezar a miña intervención desta maneira, en todo caso a breve presentación do Sr. Erias anímame quizais con máis forza, a comezar a intervención dicindo algo que pensara dicir, que non sei se pode soar moi duro como comezo dunha intervención pero que en todo caso é a percepción que desde o noso grupo temos de como se encara o que debería de ser un dos debates máis importantes, tanto na forma coma no fondo, que se dá nesta institución, o debate da aprobación dos orzamentos e que, en certa forma, por cuestións ás que me vou referir, entendemos nosoutros que queda tremendamente devaluado.

Parécenos que pouco imos achegar co debate que vai facer esta cámara, este Pleno da deputación, pouco distinto imos achegar ó que xa dixemos noutras ocasións, e nosoutros non nos queremos autoenganar, polo menos o que queremos é adiantar o que posiblemente se vai dicir pola nosa parte para que despois, posiblemente cando se teña que defender a

posición do goberno, non se nos diga que dicimos o mesmo que dixemos o ano pasado, porque mesmo nos dá a impresión de que o goberno, polo que acabamos de ver, polo que acabamos de oír, mellor dito, pero sobre todo polo que vimos no contido dos orzamentos, que parece que mesmo o goberno ofrece menos información da que ofrecía o ano pasado.

Nos últimos anos estivemos aquí deixando constancia do noso desacordo, da nosa coincidencia co mecanismo que se introduciu, que se vén introducindo paulatinamente, pero que cada ano, por dicilo dalgunha maneira, entendemos nosoutros que presiona máis a capacidade que poderíamos ter desde os grupos da oposición de participar e de incidir, porque unha cousa é que existan maiorías que así poidan facelo, e outra cousa é que os mecanismos da democracia permitan que os grupos da oposición incidamos, mesmo naquelas situacións onde hai maioría, que incidamos con propostas e que mesmo que esas propostas sexan tidas en conta. Eu quero chamar aquí a atención que a poucos quilómetros de aquí, no propio Parlamento Galego, parece que mesmo nos últimos tempos era que no debate orzamentario se comezara a asumir determinado tipo de iniciativas que presenta a oposición. Aquí dá a impresión de que a mecánica está articulada partindo da base de que cómo vai haber unha maioría que é a que sustenta o goberno, que vai aprobar todo iso, dá igual que o mecanismo que se lle poña para debater este documento importantísimo, é dicir, o documento máis importante da institución, o que marca os criterios de actuación para o vindeiro exercicio, efectivamente, vaia como vai. E, polo tanto, nosoutros queremos dicir, con toda franqueza, que nos parece que esa tendencia marcada non é xa un cúmulo de problemas técnicos que ás veces se deu para que o orzamento non fora presentado en condicións, ou que determinara tipo de actuacións -ben, o ano pasado tivemos o tema do euro, etc., etc.-, xa nos dá a impresión ou xa queremos afirmar que nosoutros temos case case a seguridade de que esa imposibilidade real que estamos tendo os grupos para participar neste debate en condicións, non é unha actitude casual, non é unha situación casual, senón que responde a unha vontade por parte do grupo de goberno de largar isto coa maior celeridade. E digo isto porque é evidente que se nos pasa un documento, o documento base, o documento onde veñen tódolos números, con data do día 26 de novembro, un documento que, como digo, no intre en que se nos pasa aínda non está completo de todo porque lle faltaban, máis nada e nada menos, que as bases de execución, o anexo de investimentos, o informe económico financeiro, a memoria da Presidencia e o informe do interventor xeral, é dicir, o primeiro documento pásase en solitario, pásase soamente os números puros e duros, se se nos pasa iso o martes día 26, e convócase unha Comisión de Facenda para o día 28, pretendendo que a Comisión de Facenda emita dictame, emita dictame sobre unha cousa significa ter coñecemento, poder debatela e emitir un xuízo proporcionado ó grao de coñecemento que se ten, naturalmente se o grao de coñecemento que se ten está limitado polos factores ós que me acabo de referir, a emisión do posicionamento xa se sabía, supoño, que ía ser imposible a dous días, a 48 horas, e coas limitacións ás que me acabo de referir. Entón nosoutros pensamos que esa mecánica introducida por parte do grupo de goberno, non pode ser precisamente cualificada como un

acto de xenerosidade política nin de normalidade democrática, senón que se converte nun acto meramente rutineiro e virtual.

Quero dicir ademais aquí que todo o mundo sabe que o xoves que houbo esa Comisión de Facenda, o venres durante toda a mañá tivemos aquí un pleno ordinario, que estivo practicamente monopolizado por un debate que todo o mundo sabe, pero que en todo caso tívonos aquí metidos varias horas, e tivemos un fin de semana polo medio para dilucidar esa falta de tempo que teriamos entre a convocatoria da comisión e a celebración dela, que transcorre despois entre a convocatoria do pleno e a celebración del, convócase o pleno para o mércores e, polo tanto, eu creo que ninguén cun mínimo de racionalidade pode pensar que debater as cifras que aquí veñen, os programas que aquí veñen, e o proxecto teoricamente que aquí vén, pódese facer nese tempo. Nosoutros reiteramos a nosa convicción de que, posiblemente, pouco imos poder achegar a ese documento nun debate que está, entendemos nosoutros un pouco sesgado e, desde logo, que ó noso xuízo debería de estar marcado por outra tendencia, e esa tendencia tena que marcar o grupo de goberno, que é a tendencia que evidencia unha vontade política de favorecer o coñecemento, a análise e a formulación de propostas alternativas por parte do máximo órgano desta corporación, por parte do pleno.

Dános a impresión ademais que toda esta mecánica, e iso xa non é un problema que teñamos os grupos da oposición, referímonos neste caso ó noso grupo, que a mecánica introducida, á parte de estar, dalgunha forma, propiciada por esa intencionalidade do grupo de goberno, parécenos que ademais está propiciada tamén por unha especie de filosofía que se debe de ter aquí, que aquí non se goberna, aquí xestiónase, é dicir, aquí hai un proxecto, que é o que nos presenta hoxe, que nos dá a impresión que máis que evidenciar a vontade do grupo que sustenta ó goberno, a vontade do grupo popular, por gobernar unha institución, e non é o mesmo gobernar unha institución que xestionar os fondos dunha institución, despois quizais entenderemos a diferenza que hai, e a nosoutros dános máis a impresión de que aquí o que se fai é un proxecto que xestiona uns recursos que existen e non un proxecto que goberna unha institución en función das necesidades que demanda a cidadanía ou mesmo os concellos da provincia.

Esta situación, entendemos nosoutros, responde -e entro xa no trasfondo do documento orzamentario-, responde a algo que levamos debatendo aquí, que nosoutros non nos imos cansar de repetir, porque ademais pensamos que é un pouco a base e o núcleo para entender precisamente por qué pasa o que pasa.

E, e o noso grupo dixémolo aquí en numerosas ocasións, e querémolo reafirmar hoxe, que con toda seguridade, se hoxe houbera que estar aquí discutindo a estrutura orzamentaria dunha institución que non estivese case absolutamente dependente de xestionar as transferencias que asemade recibe doutra institución, neste caso a Administración Xeral



do Estado, seguramente outro galo cantaría. Se a estrutura orzamentaria desta casa, desta institución, non estivera articulada práctica e única e exclusivamente en torno a unha fonte de financiamento, en torno a unha gran dependencia que son os fondos que proveñen da Administración Xeral do Estado, seguramente que aquí iamos ter un debate moito máis rico, moito máis amplo, moito máis enriquecedor e, desde logo, con moitas máis ideas das que veñen aquí. Ou se non é así, explíqueme como, por exemplo no caso do capítulo IV, e imos xa o capítulo de ingresos, que son as transferencias correntes, concretamente as procedentes do Estado, se esa estrutura orzamentaria non fora así, vostedes pensan que non estaríamos debatendo doutra forma, ou que iamos a xestionar o orzamento desta forma e non doutra.

Preguntámonos nosoutros se alguén pode falar dunha institución, non xa que chegue, senón que aspire a ter unha certa autonomía financeira, e polo tanto, unha certa autonomía no ámbito político, unha institución que ten as súas tres cuartas partes hipotecadas a unha única fonte de financiamento, que é a subvención correspondente ós orzamentos da Administración Xeral do Estado. Curiosamente, e isto é un dato importantísimo, para que despois cotexemos cando falamos de que isto tamén é unha institución local, estamos homologados ás institucións locais, pero esta é unha institución local moi *sui generis*, se revisamos os capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, veremos que só supoñen, sumándoos todos en porcentaxes, respecto do conxunto do orzamento de ingresos, un 8,01, é dicir, capítulos I, II e III, mentres que o das transferencias ós que me referín antes era o setenta e catro e pico por cento, sendo ademais neste caso, e xa facendo unha referencia ó orzamento que estamos debatendo, unha das partidas que baixan con respecto ás do ano pasado, en concreto no que era o conxunto do ano pasado, este concepto, o I, II e III, baixan un 20,66% respecto do que figuraba o pasado ano.

Dentro deste apartado ademais queremos facer unha mención, que entendemos nosoutros que figura dalgunha forma este ano obrigada, porque é un debate que levamos dando desde hai dous anos que se empezou a falar do tema, e que este ano dalgunha forma parece que avanzamos máis, aínda que o avance supuxera facer o interrogante máis grande. Estoume refirindo a un tema obxecto de debate nesta institución desde hai bastante tempo, que é a recarga provincial sobre o imposto de actividades económicas.

Ben, o pasado ano aquí, non teño a copia da acta aí, pero non sei se hai algunha referencia explícita a este tema, poderíamos revisala, pero en todo caso, do que me acordo así a bote pronto, paréceme que por parte do representante do grupo de goberno se nos dicía que xa se estaba traballando nesta liña, que seguramente este ano estaría despexada a dúbida do que serían as contraprestacións ou o equilibrio que se produciría para a maioría dos concellos, estamos falando, neste caso que tamén lle afecta o tema á Deputación da Coruña, desas contraprestacións pola desaparición do imposto de actividades económicas. Nosoutros seguimos vendo, curiosamente, que no orzamento deste ano figura unha cantidade de 5.524.285 euros, algo máis de 900 millóns de pesetas, dun imposto que polo que

nosoutros sabemos, e xa non sei se sabemos moito ou pouco, pero algo sabemos, vai sufrir unha tremenda transformación para, fundamentalmente, as persoas que van ter que pagar ó imposto, pero que ten un impacto na recarga que vai cobrar esta deputación.

Eu supoño que os responsables deste área, os responsables políticos desta área, saberán ben que terreo están pisando, pero nosoutros polo último que lemos, e o último que lemos lémolos hoxe aínda, hai tremendos interrogantes respecto do que poida pasar e respecto a cómo se vai materializar o que se vendeu como un feito consumado que era a transformación ou a desaparición do IAE, pero cál vai ser a contraprestación e a realidade e, fundamentalmente, a gran incógnita que nosoutros temos é cómo é posible que nun imposto que teoricamente desaparece siga figurando que a Deputación da Coruña, as arcas provinciais, van recadar, máis nada e nada menos, que case a frioleira de 1000 millóns de pesetas. Non sabemos de onde saíron estes datos, non sabemos se a Deputación da Coruña tamén vai ter cantidades compensatorias polo que non poida percibir en función de como afecte isto ós cidadáns que paguen e os propios concellos, pero en todo caso a nosoutros parécenos, e é unha opinión, que queremos sometela naturalmente á discreción coa que facemos tódalas opinións, que a introducción desta cantidade parece máis ben unha pequena cabriola política para que figure unha cantidade, por certo, unha cantidade bastante importante, que unha análise seria e rigorosa de onde estamos metidos por causa dunha decisión que tomou o Estado que a nosoutros nos parece que neste momento se move, non na ambigüidade senón na máis absoluta das incógnitas.

E finalmente, no capítulo de ingresos atopamos que, efectivamente, hai unha diminución na apelación ó crédito para o vindeiro exercicio e unha situación que, dígoos por se puideramos entrar neste tema, parece que deixa practicamente intocable ou estática o que puidera ser a situación da débeda provincial, e polo tanto, a capacidade de endebedamento de cara ó futuro desta situación. Sacando estes aspectos ós que me acabo de referir, a verdade é que o noso grupo encontra moi poucas novidades respecto do orzamento de ingresos.

No tocante ós gastos, máis do mesmo, como di o refrán, pero en todo caso, o que si percibimos é que os debates parciais, os debates que imos dando Pleno a Pleno en cada un dos plans que aprobamos, etc., etc., onde parece que mesmo nalgúns momentos ata existe certa coincidencia de fondo en que algunhas cousas habería que cambialas, parece que despois, cando se materializa o proxecto, o documento político, non se ten en conta. ¿Por que digo isto?, porque nosoutros o que atopamos no orzamento de gastos é que non soamente se manteñen lagoas, incorreccións, ou cousas, por dicilo dalgunha maneira, que nosoutros entendemos que habería que cambiar, senón que ademais se agrava máis aínda a situación ou a crítica que nosoutros queremos facer respecto desta cuestión.

Indicar previamente que, intencionadamente, moi intencionadamente, e moi ben intencionadamente, non imos facer en absoluto ningunha referencia a aquelas partidas que figuran dentro do documento cun epígrafe que se chama “Municipios afectados polos vertidos do Prestige”, non queremos facer ningunha referencia porque entendemos que, por se fora pouco o que choveu antes do pasado venres, o que choveu entre o venres e o día de hoxe fará patético que volveramos a discutir nesta deputación respecto deste tema, e polo tanto o noso grupo vai declinar calquera tipo de referencia a esta cuestión.

Tocante ó tema de persoal, como vai haber un debate que mesmo ten moito que ver en como se conforma, como se van materializar as cifras frías que van nos orzamentos, debate que abordará nos seguintes puntos a miña compañeira, en todo caso eu non vou entrar nel. Chamamos a atención en todo caso no capítulo de bens correntes, porque é unha cousa que a nosoutros nos interesa, que ten ademais que ver coa dignidade, ou coa defensa do que un ve, ou dos activos que un encontra cando está traballando nunha institución. Hai unha partida que sobe, ó noso xuízo dunha maneira bastante considerable, que é a partida que se denomina “Estudios e traballos técnicos”, que nosoutros nunca entendemos como, tendo esta deputación un cadro de persoal capaz, limitado en todo caso, ó mellor, ás veces por falta de tempo, ou por falta de axuda, pero ante todo capaz, como calquera outra empresa que veña de fóra, ou máis -seguramente, afirmamos nosoutros, máis, porque coñecemos a casa mellor ca ninguén-, capaz de facer traballos para esta deputación, encontrámonos con que as partidas económicas que se encargan a empresas de fóra, e xa sei que se vai dicir que ás veces estamos condicionados polo factor de tempo, e non se fixo, en todo caso, contra o factor tempo, hai outra cousa que se chama planificación, pero en todo caso a nosoutros chámanos a atención a suba desa cantidade de 352.206 euros no capítulo de estudos e traballos técnicos e naturalmente a novidade da implantación do que se denomina sistema de xestión e de procedementos administrativos, cun investimento de 933.000 euros.

Con respecto ó tema das transferencias si queremos facer unha chamada de atención, e iso ten que ver con algo ó que me referín antes, desas novidades que cando un agarda que vaian a mellor, aínda se torcen máis para o lado que un criticaba, que é unha oscilación da balanza con algo que xa existía, e que non sabemos se ten que ver co ano electoral, pero en todo caso, co ano electoral refírome ó vindeiro ano, que é que mentres que aumentan as transferencias correntes aumentan 1.760.190 euros, e as transferencias de capital baixan a frioleira, máis nada e nada menos que 12.853.786 euros, nunha palabra, para entendernos, aumentan as partidas do que se controla menos por parte deste pleno, e diminúen as partidas do que controlamos máis dos programas que están materializados, que están articulados en determinado tipo de criterios, alá cadaquén coa súa conciencia pero, desde logo, a realidade está aí.

Unha referencia natural e importante ó tema da cooperación local. Xa machacamos en ferro frío, polo contido do documento orzamentario, pero entendemos nosoutros que resulta palmar que, á parte dun debate político onde hai ideas, e iso hai que dicilo claramente, onde hai filosofías diferentes, no tema da cooperación local entendemos nosoutros que se chegou a unha situación que xa o tema sobrepasa o debate das ideas. Eu quería dicir aquí que a nosoutros, á parte de non gustarnos nada a política de cooperación local e os mecanismos de cooperación local que ten esta deputación, entendemos que non é só un problema de gustos ou desgustos, ou de filosofías, é de que non se adapta ó que está estipulado na lei; se vostedes len a Lei 5/1997 da Administración local de Galicia di, textualmente: “As Administracións públicas implicadas” -refírese neste caso, supoñemos, á Administración autonómica e ás deputacións-, “procurarán a elaboración dun plan único no que se fusionen os investimentos públicos procedentes de todas elas.” Quitando o debate semántico do que puidera ser “procuración”, que ó mellor ese debe de ser o gran debate, porque se puxera “arbitrarán” seguramente que aquí estaremos debatendo aínda o de “procuraran”, pero nosoutros neste caso o que encontramos é que, seguramente, xa sei que se nos vai dicir, e queremos dicilo nosoutros tamén, xa sabemos que non é soamente unha responsabilidade da Administración provincial da Deputación da Coruña, senón da propia Administración autonómica. A Lei da Xunta de Galicia, a Lei 5/1997, non se está a cumprir neste caso soamente porque non quere a propia Deputación da Coruña, senón porque tampouco a Xunta de Galicia ten ningún interese en que iso se realice. Pero, por certo, eu quería lembrarllas a vostedes que unha das primeiras iniciativas que se presentou nesta lexislatura, cando entrou esta nova Corporación foi precisamente a de unificar o complexo abano que había en materia de cooperación local, de tódolos instrumentos que había, e mesmo, vostedes acordaranse que eran dous puntos, máis ou menos recordo, un deles que era que se tendera á unificación dos diversos instrumentos que ían ó mesmo fin, a cooperación económica ós concellos que tiña a deputación e que se iniciara o debate, a negociación e a coordinación coa Xunta de Galicia para conseguir unha actuación na mesma liña que está facendo a deputación.

Supoño que a estas alturas, e lendo o espírito do texto da lei de Administración local de Galicia, vostedes daríanse conta de que aquela proposta nosa non era unha cuestión meramente partidista, nin ideoloxista, nin de filosofía do BNG, era simplemente unha tendencia que está marcando, por certo, a lei que aprobou a Administración local do noso país, e non precisamente en mans do Bloque Nacionalista Galego, é dicir, o mesmo que estabamos pedindo nosoutros é o que lles di a Xunta que procuren, o que pasa é que, polo que se ve, efectivamente non se procura.

Supoño que todas e todos dámonos conta de que este é o último orzamento que vai aprobar a actual corporación, este é o orzamento do 2003, e polo tanto calquera corporación que veña, calquera que sexa, non será esta, será outra, mesmo aínda que se repita numericamente a distribución que adianto que, efectivamente, son conscente de que

non vai ser así, pero en calquera caso, aínda que fora así, sería outra corporación. ¿Danse conta vostedes desde o grupo de goberno, que durante estes catro anos que se levan, -e agora xa podemos falar de catro anos, porque hoxe imos aquí a condicionar a última parte do último ano-, danse conta de que nestes últimos catro anos non se conseguiu racionalizar o abono dos instrumentos de cooperación local propios onde, me remito ó contido dos orzamentos, para o ano que vén temos máis nada e nada menos que cinco plans de investimentos e oito programas dirixidos a cooperación económica local?, ¿dansen vostedes conta que non se fixo absolutamente nada por racionalizar, e que ademais abriuse o abano, mesmo, a outro tipo de convocatorias?, ¿dansen vostedes conta que non houbo nin a menor iniciativa política de contacto, negociación, chamada, que nosoutros saibamos -e, en todo caso, como di o outro, envaiñámola se se nos di e se nos acredita aquí que iso foi así-, contacto coa Administración autonómica para que se procurase unha tendencia de coordinación, por exemplo, co instrumento de cooperación local que ten a Xunta, que é o PIEL?, ¿dansen conta de que, efectivamente, nese prazo de catro anos non se fixo absolutamente nada?, entón, o que dicimos que coincidimos cando vemos que non temos argumentos nalgúns debates de carácter singular, despois na práctica quédase absolutamente en nada.

Nunha enquisa recente que se fixo, ou pagou, a Deputación da Coruña, o grupo de goberno da Deputación da Coruña, supoño que para ver como podería quedar o novo escenario político despois das próximas eleccións municipais, facíase unha especie de sondaxe á cidadanía para saber cal era o nivel de asunción, ou de identificación da cidadanía con algunha das competencias que xestiona a deputación, en concreto, segundo parece polos datos que nosoutros temos, unha das materias nas que máis relacionaba a cidadanía á deputación co seu traballo era o tema das estradas, o tema da rede de estradas. Eu teño que lembrar aquí -e nosoutros entón non sabemos nada nin que se estaba facendo esta enquisa, e mesmo de se tiña conclusións ou non, pero fixémoslo así, porque criamos que era coherente co que estabamos pensando-, o noso grupo tramitou unha proposta a este pleno que, como se lembrará aquí, primeiro veu a pleno para que fora declarada a urxencia, despois quedou abandonada, despois, segundo parece, pasou a unha comisión, e xa nunca volveu máis a debate plenario. Eu teño que lembrar aquí que dos catro puntos que me parece que tiña a proposta que nosoutros faciamos tiña dous que eran nucleares, e que eran, primeiro, a necesidade de que a Deputación da Coruña elabore un mapa da situación da rede de estradas e definira uns criterios claros con vontade de permanencia, que serviran para esta corporación, para a que veña e para a que veña máis alá, coa idea de que tan importante como en determinado momento se aumenten os investimentos nese programa, é a forma na que se gasta o diñeiro, tan importante coma o diñeiro que se gasta é gastalo ben. E nosoutros pretendiamos, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, abrir un debate onde puidera entrar todo, sintomaticamente chegamos hoxe á aprobación dos orzamentos, sen que curiosamente esa moción puidera ser debatida e tamén derrotada, ó mellor, nosoutros non pretendiamos

impor esa moción, senón simplemente que discutira o pleno, que é o máximo órgano desta deputación.

Eu teño que recoñecer aquí, o noso grupo recoñece, que hai un esforzo, supoñemos que tamén en parte vencellado pola tabarra que damos desde os grupos da oposición, no senso de que as partidas que figuraban anualmente no capítulo de estradas, en comparación coas necesidades que tiñan esas estradas, estaban en situacións abismais. Supoñemos que nese senso, algo terá que ver que o capítulo en concreto dedicado a estradas, este ano suba, e aí voulle lanzar unha flor ó grupo de goberno, polo menos no que é no tema económico, case case o 50%, hai un aumento, nosoutros cremos que considerable, que seguramente que non chega, pero xa sabemos que os orzamentos nunca chegan tódolos anos para todos, porque senón, se chegaran, chegaría mesmo un momento en que esta situación desaparecería por exceso de cubrir as competencias, por dicilo dalgunha maneira. En todo caso volvo ó que dicía antes, para nosoutros tan importante é que as achegas económicas vaian en aumento como que se defina moi ben o que se quere dicir. E eu teño que dicir aquí que no anexo de investimentos que responde a un plan que xa se aprobou aquí, listaxe que como se pode observar, ten case case o dobre da contía económica da partida que levamos nos orzamentos; se fago un repaso ó anexo de investimentos, vese o que suman tódolos proxectos que figuran aí priorizados, non sabemos con que tipo de criterios, mellor dito, sabémolo teoricamente e non o sabemos na práctica, sabemos teoricamente que se dixo que se fixera un estudio, que os servicios técnicos e tal, pero non sabemos, non temos materializado a que responde ese esqueleto de prioridades que se fixou, pero en todo caso priorízase, ou parece que se lle dá máis importancia ó cuantitativo por riba do cualitativo, e ó noso xuízo non se definen os tres puntos fundamentais que sería mapa de rede viaria e provincial, criterios básicos para a conformación dunha proposta de actuación, e a negociación con outras Administracións, neste caso fundamentalmente coa autonómica, para resolver os problemas que temos de titularidade compartida de moitísimas das estradas da nosa provincia. Polo tanto, o que temos hoxe aquí, o Plan de vías, é un conxunto de investimentos que globalmente, supera con moito o que se fixo no pasado, iso si que é certo, pero de aí a chamalo iso, plan das necesidades máis urxentes de estradas para o conxunto da provincia, efectivamente, cremos que hai un abismo.

Vou terminando, Sr. presidente, dixen antes que os orzamentos do 2003 son o final dun ciclo, e é evidente que nese ciclo, e como iniciéi antes unha parte da miña intervención, desde esta corporación pensamos nosoutros que non se tivo a iniciativa política que puidera levar a unha innovación, por básica que fora, pero que marcara unha diferenza cos problemas que se nos estaban xerando durante os últimos tempos, agás dunha solución específica que se lle deu o tema dos reformados, que hai que recoñecer que lla tivemos que dar por agobio, é dicir, o tema dos reformados, e de aqueles reformados que viñan, sen achega económica a maiores, resolvéranse directamente sen vir a pleno, foi tamén porque agobiaba a situación e porque eu penso que había unha especie de vergoña allea colectiva

que nos daba que máis da metade dos plenos os temas dos reformados foran o contido da orde do día, pero máis alá dese tema, que é un tema eminentemente de carácter técnico, pouco solventamos, e a situación na que estamos, o cadro, é ben claro, por unha banda asúmese a necesidade dunha maior transparencia e equidade no reparto de subvencións, pero séguese impedindo a participación do conxunto dos grupos nas comisións avaliadoras, e mesmo hai problemas técnicos e políticos tamén grandes, para que ás veces nos chegue ás deputadas e deputados, a información, que moita delas nalgúns casos xa está nos medios de comunicación, do reparto que se fai das subvencións para cultura e deportes.

Asúmese a necesidade de que a coordinación coa Xunta de Galicia sexa real e efectiva, pero despois practícase, e refírome fundamentalmente ó Plan de instalacións polideportivas, que non é precisamente un modelo de coordinación vis a vis, senón un modelo onde hai bis, bis, bis, fronte a un bis, que practicamente non se escoita. Asúmese o modelo de coordinación, pero despois esta deputación practica unha política de deixamento, ou única e exclusivamente de subvención dos plans que fai a Xunta, que é simplemente o que fixemos no último pleno no Plan de infraestructuras deportivas. Asúmese a necesidade de resolver a situación dos centros de carácter social e educativo, que aínda a estas alturas, no ano 2001, están en competencia da Deputación da Coruña, cousa que é bastante pouco defendible á altura dos tempos que corremos, pero non se adopta iniciativa ningunha concreta, de cara á transferencia destes centros á comunidade autónoma que, loxicamente, tería que ser a que estivera xestionando, como dixen antes, a estas alturas, e despois do que levamos batallando aquí para que iso se fixera. Nunha palabra, pensamos nosoutros que se asume a necesidade dun cambio de rumbo na política que se fai na institución, pero non se ten ou non se quere, a capacidade política ou o interese para materializalo.

É evidente, Sr. presidente, compañeiras e compañeiros, que nestas condicións, onde non hai un cambio nin cualitativo, nin cuantitativo importante respecto ó documento que se nos presentou o pasado ano, nosoutros naturalmente, como Bloque Nacionalista Galego, non lle imos dar, nin polo fondo do propio documento orzamentario, nin pola forma en que se pasou a discusión, o noso voto favorable, e polo tanto o noso voto vai ser negativo. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Estamos debatendo, digamos o feito político máis importante dunha institución, neste caso a institución provincial, como é o orzamento preventivo do exercicio 2003, un orzamento que marca a expresión política do equipo de goberno sustentado polo Partido Popular e que é o inicio dunha traxectoria económica que vai seguir marcando polas pautas e polos cambios e modificacións que se sometan ó longo do vindeiro exercicio, e cunha interrupción, indubidablemente, que como ben sabemos todos, van ser as vindeiras eleccións municipais do 25 de maio, que van traer unha nova corporación provincial, que como ben se

dicía aquí, pode ser dun signo, ou pode ser doutro signo, iso terano que dicir os cidadáns no estado democrático ó cal pertencemos.

Este inicio económico, a nivel de forma, parécelle adecuado ó grupo provincial socialista, encontrámonos con tódolos documentos preceptivos, e como non, agradecemos ós funcionarios, a tódolos funcionarios que directa ou indirectamente, participan neste conxunto, digamos, numérico, pero que detrás ten unha filosofía numérica, que é a filosofía política, e que indubidablemente presentáse de forma adecuada no tocante a forma, pero o fondo é outra cousa, e a iso referirémonos ó longo da nosa intervención, que intentamos que sexa o máis breve posible.

Estamos ante números, e indubidablemente os números son uns elementos fríos, e detrás está a filosofía de goberno neste caso, que desempeña a maioría do Partido Popular, pero para nosoutros a balanza está desequilibrada, a balanza está desequilibrada, a balanza tórcese en senso negativo. A deputación, como concello de concellos, ten que actuar nos momentos clave, de forma áxil, obxectiva, corporativa e solidaria, e estoume referindo, porque ó longo da miña intervención non vou facer un estudio capítulo a capítulo, senón que vou facer reflexións políticas deste orzamento que xa adianto que non é do agrado do grupo provincial socialista. Falamos que ten que ser unha institución solidaria e áxil. O pasado día 29 do mes de novembro que acabamos de terminar, celebramos un pleno extraordinario que pediu o grupo provincial socialista, un pleno extraordinario sobre a catástrofe ambiental máis importante que se produciu en Europa occidental, posiblemente en toda a súa historia, un auténtico cataclismo que, neste momento, non sabemos cales son as consecuencias concretas. Nese pleno, o grupo socialista non tratou de pendurarse ningunha medalla, non tratou de buscar ningún protagonismo, nin persoal, nin político, trataba de ser unha institución, esta deputación, áxil, cooperativa e solidaria. Máis adiante vimos a manifestación de “Nunca máis” que unha parte importante do pobo galego refrendou co rexeitamento que creo que unánime en tódolos grupos, como aquí se fixo cunha moción que foi aprobada co asentimento dos tres grupos. O Sr. presidente visitou distintas zonas e a sensibilidade orzamentaria que aparece reflectida en números non nos parece adecuada, aparecen 2.600.000 euros, divididos en rexeneración de praias, en fomento pesqueiro e en tratamento de apoio ó turismo.

Nosoutros, insistimos, o orzamento vai entrar en vigor en xaneiro do 2003, estes programas que non son suficientes para colaborar con esta catástrofe, vanse xestionar meses máis tarde, e nese aspecto o grupo socialista volve reincidir, e presentamos aquí *in voce*, a nosa proposta dun plan de actuación inmediata, dun plan de actuación inmediata de 30 millóns de euros, para isto non hai que habilitar ningún tipo de crédito, para isto hai que porse, como dicíamos nese pleno, simplemente a traballar desde o punto de vista político e administrativo. Entregar á Xunta que coordine debidamente estes 30 millóns de euros para as finalidades que poidan surxir, e que xa surxiron, nos municipios afectados pola catástrofe do



Prestige. Polo tanto, poñámonos a traballar, non hai que habilitar ningún crédito, este diñeiro, estas economías, que como sabemos todos moi ben, obedecen a un contencioso administrativo entre a Deputación e a Xunta de Galicia, e que indubidablemente son totalmente recuperables, son totalmente recuperables, porque o consorcio que se vai facer cargo dos seguros das petroleiras, serán os encargados no seu momento da devolución, cheguemos a un acordo que é importante este aspecto, 30 millóns de euros que teñen que paliar, indubidablemente a catástrofe máis importante que están sufrindo as nosas costas galegas, e que cada vez vai en incremento.

Pero é evidente que o orzamento non se trata única e exclusivamente do problema ambiental, que neste momento creo que é o problema máis grave que ten, insisto, a Unión Europea, o Estado español e, concretamente, Galicia, e máis concretamente a nosa provincia. Imos facer, como indicaba ó principio da miña intervención, unha serie de reflexións, a primeira é sobre o imposto de actividades económicas. Sobre isto presentou o grupo socialista o día 5 do mes pasado, do mes de novembro, unha moción que logo retiramos na comisión informativa correspondente no pleno; ¿por que se retirou?, porque o día 21 do mesmo mes asinábase un documento de acordo entre os Ministerios de Facenda e de Administracións Públicas e os nosos representantes municipalistas da FEMP, onde se fala de que o Estado compensará a cada concello, a cada deputación provincial, a cada consello nas Baleares ou Cabildo insular nas Illas Canarias. E a recarga provincial do IAE sen dúbida é un elemento que aquí recibiu críticas nalgún momento por algún grupo, acertos ou desacertos, pero era un piar indubidablemente da pouca autonomía orzamentaria que teñen as deputacións. Todos sabemos perfectamente que a recarga provincial do IAE, taxas e prezos públicos, os ingresos patrimoniais e o endebedamento que, por certo, este ano si baixa, como ben nos indicaba na súa intervención o Sr. Erias, forman os únicos piares que temos desa pequena autonomía que representa un 13%, dado que a dependencia orzamentaria é sobre un 87 máis ou menos, é dicir, estamos ante unha institución local que depende das transferencias que recibimos, tanto correntes, como de capital, que por suposto, estas últimas conxélanse, analizaremos logo o porqué.

A nosa sorpresa é que no orzamento preventivo, que nosoutros pensabamos que ía ser neutro con relación ó exercicio pasado, o capítulo de ingresos sobre o IAE, a recarga provincial, produce unha merma, produce unha diferenza cara a baixa de 632.000 euros, que representa un 8,96%. E ¿onde vai a compensación que se nos di?, imos ver se esta compensación se materializa, porque moitas veces, á parte de asinar os documentos, gustaríanos que isto se plasmase e que se plasmase xa noutros documentos. Se o IAE vai ser o mesmo, entendemos por parte do noso grupo que tiña que manterse como ingreso en tódalas Administracións locais, e esta institución provincial é unha institución local.

Desde sempre o municipalismo, e paso a outra reflexión, e concretamente nas asembleas de Zaragoza e a celebrada aquí na Coruña pola Federación Española de

Municipios e Provincias, desde sempre o municipalismo, por mala sorte, somos a cenicienta das institucións. O acordo a que se chegou entón era unha distribución do 50% Administración central, 25% as Administracións autonómicas e 25% as Administracións locais. Moi lonxe estamos daqueles acordos, non imos ben, imos a peor, os últimos datos económicos din que axentes locais estamos no 16%, e ¿por que fago esta introducción?, pois moi doado, porque estamos falando de que as transferencias de capital do Estado, que son aquelas transferencias que van redundar nos investimentos directos dos concellos, ou ben xestionados pola deputación, refírome ó Plan de cooperación ás obras e servicios, á Rede viaria local e ó Programa operativo local, este último con fondos europeos. Pois ben, o incremento é o 0%, non se incrementa nada as transferencias de capital, e claro, chegamos aquí e fálanos da Lei de estabilidade orzamentaria, pero ¿imos pagar a estabilidade orzamentaria e o déficit cero os concellos?, eu agradézolles que leamos ultimamente o que está pasando en Europa, porque Francia e Alemaña vanse descolgar disto o Plan de actuación que vai facer o chanceler Schröder marca ese camiño, e nosoutros aquí resulta que recibimos o mesmo; nin sequera o IPC, ese IPC que o goberno central do Partido Popular é incapaz de controlar, é un cataclismo descontrolado, falamos do 2% e estamos no interanual superando o 4%. E claro, a estabilidade orzamentaria ¿que trae consigo?, primeiro, que os concellos recibimos menos, e que o Partido Popular está desmantelando o estado de benestar, a sanidade, a educación e os servicios sociais, que son a cenicienta e a clave do estado moderno español, está sendo desmontado, e se a iso unimos as privatizacións que se fan, e que non é o foro de debate, pero si hai que dicilo porque isto todo repercute logo nas transferencias que van recibir os concellos e os cidadáns da nosa provincia.

Teño que dicir que as transferencias correntes do Estado crecen, por suposto, bastante menos que o IPC interanual, en torno ó 2,38, tampouco é para botar foguetes, nin moito menos, 2,38. Claro, se pensamos que o IPC vai ser de 2 pero estamos no 4, entón está moi ben, se aquí a clave é ter ben controlado o IPC, se está ben controlado o IPC chegamos á economía totalmente reequilibrada, pero aquí está todo desequilibrado, estamos ante un cataclismo.

A Lei de bases de réxime local fala de dúas competencias concretas das deputacións, e que moitas veces temos un pouquiño esquecidas e que é conveniente de vez en cando refrescar a memoria, fala de elaborar un Plan de cooperación ás obras e servicios, que acabamos de dicir, que indubidablemente, aínda que se incrementa algo, as transferencias de capital do Estado baixan, e entón baixa un crédito, baixa un crédito que se di, ou arguméntase que é para cumprir a Lei de estabilidade orzamentaria, quédase máis ou menos conxelado. Pero hai outro apartado importante nas competencias das deputacións, que é a asistencia técnica, xurídica e económica ós municipios, sobre todo a aqueles municipios máis desfavorecidos. E é que aquí eu teño que ser un pouco crítico con este equipo de goberno, á vez que teño que dicir a verdade e facer algunha loubanza. O proxecto

de recadación, de xestión tributaria e de inspección tributaria, o grupo socialista valorouno e valóralo favorablemente; no ámbito de recadación temos unha memoria que anualmente preséntasenos na Comisión de Economía e Facenda, onde nos informamos de como está, pero ¿e que ocorre co resto de asistencia técnica, xurídica e económica ós concellos?, ¿onde están os balances?, ¿onde está a xestión que realiza esta institución neste aspecto? Estamos ofrecendo ós concellos, ós 84 da provincia, un servizo bo, pero necesitamos reforzar as comarcas, necesitamos que eses proxectos, que por certo non vin nada do orzamento, non sei que pasa con ese edificio que se ía facer multiusos para a arte, e onde posiblemente couberan os servizos económicos que acabo de citar, e que non vexo nada neste orzamento preventivo, cousa que me chamou poderosamente a atención, ¿que pasa con iso?, non o sabemos, non sabemos o que está ocorrendo. E este é un tema grave, non sabemos que pasa cos convenios da Xunta, é unha mágoa que o Sr. López Crespo, que se ausentara, non sabemos, non se deu a coñecer en ningunha Comisión de Cultura e Deportes cál é a xestión deses convenios, agora di, faise un convenio, pero cadaquén xestiona o seu, e os concellos aí agardando, imos ver se chegamos de primeiros ou chegamos de segundos. Aí queda esa reflexión, a asistencia técnica, xurídica, económica, ós concellos, que é unha das competencias clave da Lei de bases de réxime local.

¿Existe unha política subvencionadora da Deputación cara a Xunta de Galicia?, claro, o grupo popular a isto vaime responder, “non, non existe, simplemente chegamos a acordos”, pero eu aquí quero facer unhas referencias económicas e numéricas. Hai que salientar que este ano si se incrementan as transferencias da Xunta á deputación, concretamente en 427.000 euros, 427.000 euros que van a un programa de emprego, un programa de emprego que non sabemos moi ben como está resultando, e veremos cómo nos resulta aquí a nosoutros, pero son 427.000 euros, ademais dos 540.000 para o Colexio Calvo Sotelo. ¿E que pasa co Instituto Puga Ramón?, ¿e que pasa cos servizos sociais da Milagrosa, do Emilio Romay e outros?, ¿onde están algunhas transferencias?, datos concretos. A deputación traslada en transferencias correntes 1.200.000 euros á Xunta, en transferencias de capital, 1.240.000 euros, total, 2.445.000 euros; ¿non estarían mellor situados no Plan de cooperación ás obras e servizos esta cantidade de diñeiro, de economías?, ¿non deberan de ser os concellos os verdadeiros receptores destas cantidades?, non, aquí xogamos, mandamos para alá para que logo se remitan alá, non, fagámolo directamente, vaíamos facer unha política de cooperación seria e rigorosa. Nembargantes recibimos 967.000 euros, diferenza, agás que a calculadora que me falle, 1.500.000 de euros que estamos subvencionando á Xunta de Galicia, pero ¿onde estamos?, cando estamos descentralizando a Administración central nas autonomías, e as autonomías nos poderes locais, imos nosoutros e collemos o paso cambiado, non, miren, agora imos darlle nosoutros á Xunta de Galicia, para que a Xunta de Galicia execute uns plans determinados ou unhas determinadas funcións, ás cales me referirei logo, hai que empezar a tomar en serio. Polo tanto, estamos subvencionando á Xunta de Galicia nunha cantidade que

debera de pasar, na súa totalidade, ó Plan de cooperación ás obras e servicios, ó modesto entender do grupo provincial socialista.

E as estradas provinciais, hai que dicir tamén que sen dúbida os investimentos nas estradas crecen, non merma senón que se incrementa, pero ¿onde está esa coordinación que se falaba do mapa de estradas que se ía facer co Estado, coa Xunta e coas entidades locais?, eu voules pór o simple exemplo para que vexan o caos, nun concello, nun concello veciño meu, turístico, a onde agardamos que non chegue o chapapote, porque é a praia da zona de Betanzos máis importante, que é Miño, se chegamos a Miño hai un treito de estrada que é do Ministerio de Fomento, baixas á praia e ata a curva do inicio da praia grande de Miño, é da COTOP, e dende alí ata Perbes é da Deputación provincial. A parte das vías locais, nun radio pequeniño hai unha mestura, que eu creo que isto hai que correxilo, que pasen algunhas travesías ós concellos, que se regularice coa Xunta de Galicia a esas vías importantes. E claro, despois estamos no mantemento e conservación, eu lamento o Sr. Erias que me pediu nun pleno pasado que non sei como traía un retrato, unha foto, non teño retrato pero teño os números, mire, teño os números: 4.400.000 euros, capítulo II gasto corrente. Eu creo que vostedes non orzan máis porque din, como xa teño moi aumentado o gasto corrente, vou baixalo na maior cantidade numérica, que é a conservación de estradas, logo como xestiono mal o orzamento pasado, collo e incrementoo; debíase de facer doutra maneira, estamos xa nunha rede provincial que leva en mantemento e conservación 2.000 euros por quilómetro, ¿como imos manter ou a conservar cada quilómetro de estrada con 2000 euros?, a pesar do investimento que se faga, é completamente distinto o investimento có mantemento e conservación, porque as gabias hai que limpalas, as silvas hai que cortalas, hai que facer sinalización horizontal e vertical, e hai que facer algo máis. E insisto, están ben de firme as estradas provinciais, baixo o punto de vista do grupo provincial socialista.

A reflexión sobre transferencias de capital, xa non é no capítulo de ingresos, senón no capítulo de gastos, é posible que é onde se mostra que esta deputación intenta ser, non intenta ser o concello de concellos; baixan 11 millóns e medio de euros, pero nembargantes o gasto corrente crece un 4,32, quere dicir isto que o normal era que as transferencias de capital aumentaran, que o gasto corrente se conxelase con esa premisa das estradas provinciais. As estradas provinciais, ó modo de ver do noso grupo, o mantemento e conservación, case se pode considerar como un propio investimento, está metido no capítulo II, e posiblemente teñamos as nosas dúbidas, aínda que se se marca así, é gasto corrente, pero temos que ser afoutos, vaíamos por maior cantidade, fagamos o cálculo do gasto corrente sen ter as estradas provinciais, non habería ningún inconveniente, pero non, inténtase crecer, logo iremos facendo distintos expedientes de modificación e iremos incrementando este capítulo II, e o balance final non é o balance inicial, porque isto é un orzamento preventivo. Polo tanto, menos 13.000.000 de euros, cifra negativa en transferencias de capital a concellos e incremento do gasto corrente. Estamos ante un orzamento regresivo, non ante un orzamento progresivo e progresista, un orzamento que non mira ben ós

concellos, que mira bastante máis á deputación, ós seus investimentos propios, que tamén é necesario sen dúbida.

Na etapa do goberno socialista realizáronse as transferencias hospitalarias do Hospital Provincial e do Psiquiátrico de Conxo á rede de sanidade galega, ó Sergas, foi entón valorado favorablemente por tódolos grupos, entendemos que o grupo popular, non lembro moi ben se o grupo nacionalista tamén o seu voto foi entón favorable, pero o grupo popular naquel entón colaborara co noso equipo de goberno, e agora preguntámonos, ¿que pasa cos centros educativos que ten esta Deputación provincial?, ¿que criterios se van seguir?, ¿que pasa cos servizos sociais?, ¿imos descentralizar?, ¿imos chegar a acordos coa Xunta?, ¿formouse algunha mesa negociadora?, non, dedicámonos a montar Administracións semiparalelas dos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde non goberna o Partido Popular, dedicámonos a facer isto e non nos parece correcto. As Administracións municipais, sexan da cor política que sexan, son as elexidas polos cidadáns, e non temos que montar Administracións políticas paralelas en Santiago, en Ferrol e na Coruña, que se monten tódalas oficinas a través dos propios concellos, se non estamos falando de matices claramente políticos e electoralistas.

O tema de persoal é un tema, e xa vou terminando, Sr. presidente, o tema de persoal figura no orzamento cun incremento do 2%. Xa se fan as previsións que consideramos acertadas e sensatas, de que a Lei de orzamentos xerais do Estado, que neste momento está en trámite parlamentario, que vai sufrir distintas modificacións, e que van ter un pouco máis de poder adquisitivo os funcionarios de tódalas Administracións locais, tanto das Administracións periféricas, coma as do Estado, deixamos aí, dado, como dixen antes, o que o IPC duplicou as previsións do goberno central. E deixo xa unha pequena referencia última á débeda provincial, o cal aquí non oín nada ó señor voceiro do grupo popular falar del. A débeda provincial hai que salientar que hai unha merma de apelación ó crédito, o cal indica que tamén hai menos investimentos ou transferencias de capital, ó ir ó crédito, porque os créditos vanse, e de executárense, porque ás veces que non é conveniente por culpa do alto endebedamento; datos, 2003, 112.240.000 euros, aproximadamente, 2003, débeda acumulada, segundo o orzamento preventivo do ano 2003; no ano 1994, 61 millóns de euros, un pouquiño máis, 61.700.000 euros, incrementouse en 9 anos, 50 millóns e medio de euros, parécenos que hai que tomar medidas adecuadas sobre isto, que non se tomaron, que comprendemos que houbo bonanzas, non se souberan aproveitar ben; hoxe agardamos a noticia europea de que baixa o Banco Central Europeo un cuartillo, ou medio punto os xuros, este equipo de goberno e o anterior do Partido Popular estivo en bonanzas económicas coa baixada dos tipos de interese, cunha baixada que vén refrendada por unha política europea, unha política europea porque estamos en Europa, estamos en Europa no eido económico, noutras cousas non sei se estamos en Europa ou se seguimos noutro lugar distinto.

E xa termino, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, este orzamento, baixo o noso punto de vista, é un orzamento continuísta, hai máis do mesmo, hai unha merma clara das transferencias de capital ós concellos, hai unha merma do gasto corrente indebido, con ese matiz que fago das estradas provinciais, hai que reaccionar axilmente nos problemas que ocorran na provincia, hai que reaccionar con economías e con acordos coa comunidade autónoma, hai mecanismos para facelas. Eu agardo que hoxe na segunda resposta, o grupo popular dea unha satisfacción a tódolos municipios e a tódolos cidadáns afectados pola marea negra, agardamos iso. Seguimos no descenso da conservación das nosas estradas provinciais, polo tanto, trátase dun orzamento regresivo que non podemos compartir o voto favorable con vostedes, temos que darlles un voto negativo e agardar que esta emenda *in voce*, que é esta orzamentaria doadamente factible de realizar, cheguemos a un acordo coa Xunta, fagamos chegar estes 30 millóns de euros, e estamos no bo camiño. Máis nada de momento e moitas gracias.

#### Sr. Erias Rey

Certamente, como xa sinalaron os compañeiros dos grupos que interviron anteriormente, estamos nunha sesión que, desde o punto de vista político, á parte do que o Sr. Doval sinalaba, prodúcese unha posta en escena de cáles son as ideas que serven para, desde a perspectiva e a responsabilidade que cada Administración ten, para cooperar da mellor maneira posible a resolver todo o que os nosos concellos teñen como necesidades fundamentais, e nas que, desde ese mundo das ideas, e desde ese mundo das prioridades, e desde ese escenario no que os recursos son limitados, e polo tanto, como son limitados, temos que buscar racionalidade e eficiencia para poder atender da mellor maneira posible, pero coa calidade precisa, os servicios que presta esta deputación.

Eu teño que dicir que evidentemente, é un orzamento que ten unhas pautas comúns cos orzamentos anteriores desta lexislatura, certamente, é un orzamento reputado, é un orzamento prudente, é un orzamento que vostede, Sr. Lagares, logo pasarei repaso tamén porque me gusta entrar no detalle e non facer declaración de intencións sobre principios nos cales todos compartimos, pero que logo materializamos, esixe compromisos distintos que a retórica, esixe feitos concretos, entón, como vou pasar repaso a todas esas cousas en detalle, o que si quero dicirle en termos xerais, e a vostede, Sr. Doval, o mesmo, como representante do Bloque Nacionalista Galego, que o orzamento prudente, que se vostdes coñecen, e o grupo socialista retirou a moción sobre o IAE, e recoñecen o compromiso adquirido polo Goberno de España, coa Federación Española de Municipios e Provincias, e vostedes saben ademais, porque o saben, que tódalas empresas con facturación inferior a 1.000.000 de euros, é dicir, 2.198.000 persoas non van ter que tributar, pero nembargantes outras, que non sigan as pautas marcadas dese compromiso en aspectos sociais, dese compromiso ambiental, si que van ter que tributar, de certo. Entón, os nosos servicios, porque vostedes coñecen, que tiveron, o Sr. Doval creo que non tivo responsabilidades, non

sei se as vai ter, eu facer o gurú nestes casos é moi complicado, vostedes anticipan cousas que ben, xa veremos que é o que pasa, anticiparon os dous, fixeron previsións, rogativas e outra serie de cousas que poñían en escena un panorama certamente, desde algunha perspectiva, non moi realista. Pero en todo caso, o que si quero dicirle é que a estimación dos ingresos, e vostede dixo en máis dunha ocasión reiterado, que os servicios técnicos desta casa son reputados e cribles, independentes, desde este grupo tamén o dicimos, e desde este grupo temos a convicción de que a estimación que se fixo é unha estimación que vai ser superada pola realidade, e que se aparece orzado en concepto de IAE unha parte, é que iso corresponde a aquel segmento empresarial que vai estar suxeito ó imposto ¿comprende vostede?, é dicir, non se elimina o IAE para todos, elimínase para tódalas empresas, autónomos, que teñen menos de 1.000.000 de euros de renda, vostede coñéceo, entón se o coñece non se sorprenda de ver unha estimación, e de ver que nesa estimación se produce unha certa rebaixa. Tódalas rebaixas teñen que ver con asuntos que, en todo caso, están fundamentados tecnicamente, e nos cales, de certo, o grupo político de goberno non incidiu porque non lle parece o máis propio, porque cremos que tamén sobreorzar non conduce a nada, a nada, porque logo ó final na conta xeral vense exactamente cáles foron os resultados, tanto na execución do gasto como, por outra parte, na obtención de recursos. Neste senso digo que creo que vostedes se sorprenden porque queren sorprenderse, vostedes poden dicir que non hai ideas, pero hai suficientes fundamentos como para poder dicir o que agora aquí estou afirmando e que, polo tanto, vostedes van poder corroboralo, como o viñeron corroborando sempre, que o grupo de goberno desta deputación, nesta lexislatura, foi prudente no orzamento de ingresos e no gasto sempre orzou tamén con ese criterio, sobre a base de que orzar para non executar é inmovilizar recursos, e estes recursos, como proceden de onde proceden, e vostedes dinno ben, eu aínda non coñezo o modelo que ten o Bloque Nacionalista Galego para este tipo de institucións, ou se realmente o Bloque Nacionalista Galego cre que non son necesarias. En todo caso, como vexo que están sentados nos escanos, imaxino que seguirán defendendo o interese que ten esta institución para as funcións que asumiu, a través da normativa que de momento non rexe, se houbera outro escenario, de certo, probablemente teríamos que falar doutro tipo de asuntos, pero de momento, e con este escenario, eu teño que dicir que no tocante ó gasto orzamos sempre aquilo que se poida realizar, que ás veces ata mesmo non é factible realizar, a pesar do empeño político, e a pesar da necesidade, porque hai determinadas execucións, ou determinada normativa, cando unha empresa creba, cando unha empresa abandona unha obra, hai uns prazos que hai que respectar, e non se pode rescindir o contrato e contratar o seguinte, de hoxe para mañá, senón que hai que seguir un procedemento; esta Administración segue os procedementos e con eses procedementos, ás veces, a pesar do noso desexo, non podemos executar todo o que orzamos, pero en todo caso, se utilizamos os expedientes modificativos de crédito, facémolo con prudencia, o ano pasado tres, tres expedientes modificativos de crédito, e eses, un deles, para incorporar o remanente de Tesourería a aquelas accións que previamente ós grupos políticos se lles anunciara como prioritarias, e que non se orzaban, e estamos falando das estradas, porque unha estrada

primeiro necesita dispor de proxecto, despois ten que ter expropiacións e de seguido a contratación. Certamente, como isto non se sabe nin en quince, nin en dous, nin en tres meses, nin en quince días, nin en dous, nin en tres meses, como o remanente se incorpora normalmente á altura de marzo, parecíanos máis adecuado facelo en marzo, de aí que, cando se fan comparacións simplemente do que sobe e baixa, a economía do sobe e baixa ten todo o respecto dun político, pero pode non ter toda a verdade dun analista, o sobe e baixa, se o comparamos co orzamento inicial, ás veces dinos moi pouco, porque tamén aquí debatémolo moitas veces, é dicir, a conta xeral, que ó final presenta o resultado de toda a execución en cada unha das partidas, e se xa se anunciou previamente que se vai suplementar esa partida, que se deixa aberta, e ós grupos políticos na comisión informativa tamén llo dixen, neste orzamento hai partidas que están abertas con 6000 euros e indican decisión política de que se vai actuar nesta liña, que non teña financiamento non significa nada, non é ningunha restricción, é dicir, non é orzar por poñer un número ó lado do outro e dicir, que importante é neste orzamento porque en vez de 146 millóns de euros ten 250 millóns de euros, iso sería unha absoluta irresponsabilidade; este grupo faino desde o primeiro ano desde que nesta legislatura tivemos esta responsabilidade, sempre tratando de responder a esas necesidades coa mellor e a maior eficiencia posible, e asemade buscando a calidade como un dos obxectivos básicos para que as obras reporten aquilo que os veciños atribúen que van ser beneficios para eles.

(Abandona o salón o Sr. Quiñoy Taboada).

Logo fixeron outra serie de consideracións xerais nas que eu creo que pasa coma noutras ocasións, é dicir, esta non é a praza, eu creo que se vostedes queren aquí cambiamos o debate, e transplantámonos ó Parlamento español, e podemos coller e empezar a dicir que o Partido Popular desmantela todo, é dicir, unha tese catastrofista, privatiza todo e os veciños son, entre comas, desa maneira, porque a pesar diso vótano. Eu creo que se os veciños de España o votan, é porque non se produce a desmantelación da sanidade, da educación e dos servizos sociais, fíxese, no orzamento preventivo de agora o gasto social crece o dobre do que crece o orzamento, o dobre, entón claro lanzar ese tipo de mensaxe está ben, pero ben, eu non vou seguir facendo o que non me corresponde, creo que noutros foros xa se debate con máis oportunidade que facelo neste.

O mesmo pode pasar coas apelacións ó crédito, coa débeda, con outro conxunto de cousas que creo que se as vemos en detalle, e non mistificamos cos números, e non facemos economía de sobe e baixa, podemos entendelo mellor, si, a de sobe e baixa é igual ca economía de casino, é isto de ir dobrándose ata atinar, ben, aquí non é nin vermello, nin negro, nin par, nin impar, aquí non podemos facer iso, temos que acertar cos recursos dos que dispoñemos e temos pé asemade de buscar que isto alcance ó maior número de cidadáns posibles.



Eu creo que isto non é un acto rotineiro, ende ben, a capacidade dos Sres. voceiros fai que non utilicen as actas e que fagan un discurso creativo, cousa que valoro particularmente e que estimo, si, si, estimo, Sr. Doval, estimo as achegas que vostede fai, a pesar de que non coincido con elas porque xestionar e gobernar cando nos intenta dar aquí unha explicación do que é iso, home, aquí estamos gobernando, pode ser que a vostede non o convenzan as prioridades que o Partido Popular marca, pero mire, o Plan XXI de turismo da natureza, o Plan XXI de travesías e obras locais, e un plan bianual que terminou o exercicio pasado. Por iso diminúen algunhas cousas porque os plans tiñan unha duración de dous anos, terminou, e loxicamente, ó non estar orzado e facer economía de sobe e baixa, compáranos co anterior que tiña unha cantidade determinada, collen o total e din, baixa o 7%, sobe o 14%, multiplicamos por dous ou dividimos por tres; pois esa non é a circunstancia, e eu creo que non estamos xestionando, que estamos gobernando, que estamos gobernando atendendo ás prioridades e atendendo os principios que debemos os políticos defender nunha sociedade moderna, e iso facelo cuns recursos, que iso pode dar fe do que vimos facendo. Repito, entendo que vostede o formule deste modo, porque como aínda non coñezo o seu modelo de deputación, se é que existe, como tampouco coñezo a súa experiencia de goberno nunha deputación, agardo que tan pronto como dispoña diso, achégueмо, e se quere, na segunda parte facemos debate sobre ideas, e debate sobre formulacións, e debate sobre futuro e oportunidades e escenarios que teñen nas sociedades actuais entidades locais, como son as deputacións provinciais, que non soamente desenvolven a xestión doutros recursos que reciben, senón que tamén se comprometen, e se comprometen activamente en prestar máis e mellores servizos a eses municipios, e estase facendo desde esta casa. Outra cousa é que, loxicamente, o papel de oposición ás veces é moi complicado, e eu enténdoo, porque eu tamén ás veces teño que facer oposición e tamén necesito pór a lupa e proxectar, e intentar ver aquilo que se proxectou e ás veces a lupa mesmo distorsiona esa realidadeó ampliar o que case case nin sequera existe.

Por iso non vou facer unha visión triunfalista, gustaríame que a deputación tivera máis ingresos, certamente, gustaríanos a todos, gustaríame tamén que se puideran atender tódalas necesidades con ese tipo de formulacións que fan desde os grupos, pero os recursos hai que poñelos en orde, e hai que priorizalos e a prioridade clara deste presidente provincial que preside esta cámara, recordarana vostedes, desde o primeiro momento municipalista, é dicir, achegar os recursos cara os concellos. Dito sexa de paso, Sr.Lagares, di a división entre o gasto público, entre central, autonomías, non sei que, estamos no 16, pero da data que vostede me fala estaban no 9, si, si, subiuse do 9 ó 16 e é un obxectivo desexable ir ó 25, tamén defendemos o 25, compartimos o do 25, e compartimos que agora nesta segunda descentralización, neste novo pacto local, sexa unha transferencia de competencias a determinados municipios con capacidade para executar o gasto, porque tamén hai que ter capacidade para executar o gasto, non pode ser universal isto que vostede defende, pase desde ese corenta e tantos por cento que poden ter xa as autonomías..., o goberno central cumpriu, está no 40%, entón, transferiuse ás autonomías, se agora as autonomías cumpren, e

cumprirase, non teña dúbida de que se cumprirá, é probable que cheguemos a ese nivel onde ás veces outros gobernos máis descentralizados, nin sequera o alcanzan, pero ben, como o que se intenta sempre é que o que teña a responsabilidade de executar teña tamén capacidade para facelo, porque non se consegue de hoxe para mañá, pois hai que ir pouco a pouco. Eu creo que está isto nunha boa dirección, que se apuntan unhas indicacións e o treito percorrido, e é un bo indicador, é un indicador fiable de cara a onde se quere ir, creo que iso é suficientemente claro de que nun período razoable de tempo, e de acordo e coa cooperación das entidades locais, necesítase, escoitándoos e facendo un diálogo doutro tipo para que o futuro sexa máis participativo e aberto.

Non sei, porque non me propuxen, se o modelo de elaboración do orzamento ten que ser o que segue a Xunta de Galicia, ou doutra maneira, eu o que si sei é que o presidente desta corporación e o grupo de goberno defendeu sempre tódalas necesidades que se viñan detectando, e como tampouco quero continuar falando de algo que xa lle dedicamos tempo, e que é un problema moi importante, e un problema moi sensible, e un problema que é de todos, que non é do grupo político, senón que é un problema da cidadanía, entón non quero dicir moito sobre iso, pero algo si. Esta corporación desde o primeiro momento foi sensible a esa circunstancia, esta corporación destinou prudentemente unha cantidade, vostede sabe que hai un fondo ata 180 millóns de euros vai achegar, porque é a experiencia que hai. O outro día Financial Times traía de tódalas catástrofes o que achegara o fondo de seguros, a cantidade máxima 180 millóns, dos últimos nove, páxinas finais en Cinco Días. Imos ter por aí unha achega financeira que non vai ser probablemente suficiente porque as necesidades son moitas, difícil é, estes días estanse debatendo o papel da contabilidade ambiental, sería bo o poder chegar a identificar cal é a importancia económica, facer unha estimación o máis real posible da importancia económica desta desfeita, á parte da importancia sentimental, da importancia persoal, de ter que renunciar a poder seguir traballando no lugar onde un cre que o sabe facer mellor e que máis lle reporta satisfacción e beneficio, á parte de todo iso, a nosoutros tamén nos gustaría facer desde a deputación o máximo apoio. E teño que dicirlle, en palabras do presidente, que os recursos que sexan necesarios, sobre a base do que a deputación pode achegar, vaise facer ese esforzo. De momento, partimos con eses novos catro plans, que cremos que é unha vontade decidida, duplicouse, e non se esquezan: o plan de praias, esta corporación púxoo a financiar por primeira vez; o plan de confrarías, de fomento pesqueiro, esta corporación púxoo a funcionar, non estaba; o plan de rexeneración dos municipios afectados, esta corporación como plan novo, inclúeo, como é a súa obriga, como é a súa obriga; pero eu non o estou defendendo como un logro, simplemente o repito por se a lectura apresurada do orzamento non lles permitiu acadar ese tipo de identificación; e o mesmo para o plan de turismo da natureza para os municipios afectados.

Sabemos que todo isto é prudente, pero temos que saber que as Administracións central, a Administración autonómica, e o fondo de seguros, hai que presionar e facer que entre todos cumbran coa responsabilidade que teñen, que non é outra que intentar, non

resolver porque estas cousas, repito, ende mal son difíciles de resolver, pero polo menos que cumpramos entre todos o compromiso que temos implícito no que estamos representando nestes escanos cada un de nosoutros.

Polo tanto, non vou seguir no exame pormenorizado das cuestións que me formularon, e nembargantes si que vou pasar un pequeno repaso ós capítulos de ingresos e gastos, e particularmente gasto corrente e gasto de capital, e os capítulos IV e VII, de transferencias correntes e transferencias de capital, así como o por qué -non se sorprendan vostedes-, non aumenta a débeda, é que vai con déficit cero, non se sorprendan vostedes, é o resultado da utilización estricta da normativa que nos rexe e regula da lei de estabilidade orzamentaria, non é outra cousa, non é ningunha artimaña, nin un orzamento artificial.

Entón, se lles parece ó Sr. presidente e ós señores deputados, pasarei un pouquiño repaso a algúns conceptos que creo que nembargantes, non facendo sobe e baixa, e non facendo aquel recurso que antes tiñamos e que agora non temos, que é o que pasou, pois eu creo que nos pode ilustrar moito mellor para, se cómpre, un segundo debate. Mire, en xeral, o orzamento, dixen antes, repito agora e reitero, é unha estimación moi prudente dos ingresos, unha estimación moi prudente, e eu case me sometería, se é que fora factible, a ese outro momento no cal hai que render contas a través da conta xeral, pero pódolles dicir que case con seguridade, tódolos epígrafes dos impostos neste presuposto prudente, veranse superados pola realidade.

No capítulo I os impostos directos redúcense un 8,96%, cifra que deu vostede, exactamente a que deu, pero ¿por que esta?, pois está motivado polo tema do IAE, que como xa lles dixen, determinadas empresas, determinados profesionais, determinados autónomos, e as estimacións feitas para o outro compoñente que queda suxeito a esta figura tributaria, pois permítenos tamén facer esa estimación prudente, e que non o fixo este deputado; fixérona os servicios da casa, seguindo as instrucións marcadas pola normativa legal vixente e que eu non me permitira nunca discutir, porque para iso están os que desenvolven oficio e profesionalidade, independentemente da responsabilidade política que temos outros. Polo tanto, este 8,96% creo que responde a ese criterio prudente e a ese beneficio, porque claro, son 2.198.000 cidadáns que, seguindo tamén -ben, vostedes dixérono un día: hai que reducir a recarga provincial"- baixámolo dez puntos, baixámolo dez puntos e non nos doeron prendas, agora ¿que pasa?, ben, pois que os ingresos van estar garantidos e sábeo vostede ben por ese acordo que ten no seu poder do 21 de novembro, tal e como nos dicía, de que o goberno se compromete, entón se se compromete creo que é dato suficiente, e así fixo a tódolos grupos asinalo.

Capítulo III, taxas e outros ingresos. Tamén se reducen un 11,70%, pero voulle dicir por que: a estimación da taxa pola prestación de servicios de recadación e xestión de tributos ós concellos, saben que o ano pasado reduciuse do 6% ó 5%, eliminouse o premio

de boa xestión, eliminouse a taxa do 5% na xestión executiva, e ademais aumentouse o importe dos anticipos mensuais sobre recadación, ofrecendo desta maneira un mellor financiamento ós concellos. Este é un compromiso político, isto é prestación dun servicio, isto é un compromiso, isto non se viña facendo, isto renovouse para un número importante de concellos da provincia da Coruña que por si sós, a non ser que externalizaran servicios con empresas privadas, que tamén poderían facelo, certamente, pero que encontraron máis vantaxoso que fora a través da entidade provincial, e nosoutros politicamente puxemos empeño en sacrificar recursos a cambio de proporcionar servicios; home, se isto non é política, pois xulguen vostedes se é ou non é, porque se estamos dispostos a que baixen os ingresos é que estamos dispostos tamén a embridar o gasto ¡eh!, a que non sexa aquí ese leviatán do cal din que é, algúns gobernos, o responsable de tódolos males.

Eu creo que tamén no capítulo IV de ingresos, o máis importante é o de transferencias correntes, vostedes dixérono, e coinciden os números. Isto aumenta pouquiño, aumenta un 3,27%, e aumenta sobre todo froito dun convenio que desenvolvemos coa Consellería de Familia, Muller e Xuventude e Fomento do Emprego, no cal por un importe de 824.598 euros, que ben, tamén ten o seu reflexo no orzamento de gastos, ou sexa que non é algo que nos aumente aí e que non se vaia materializar, vai proporcionar oportunidades a determinados colectivos que cumprindo un compromiso electoral, tiñan dificultades para a súa inserción laboral, e que desenvolvendo isto tamén a deputación é solidaria e desenvolve cooperación interinstitucional en vez do que vostedes sinalan, de que transferimos a outras Administracións...; non transferimos nada; recibimos delas, intentamos desenvolver o que é a acción política sobre a bases daquilo que cremos que é o máis adecuado. Claro, as transferecias do Estado incrementáanse de acordo coas bases de cálculo igualmente, ben, vostedes pódeno ler no informe económico financeiro, pero vostede díxoo, vostede non, un 2,88%; miren: aquí é outra cousa onde non vou discutir o dos técnicos, pero tamén lles podó dicir: os orzamentos do Estado incrementáronse un 4,55%, e eu estou seguro que este 2,88% é unha estimación prudente, e que estou de acordo e estamos dispostos a someternos a isto, pero xa verán vostedes como ó final imos recibir máis ingresos ca este 2,88%, probablemente nos aproximemos ó 3%..., 3,25%..., 3,50%... Claro, estoulles dicindo o que crecen os do Estado, e vostedes saben que este é un bo indicador para posteriormente coñecer qué vai pasar con esas transferencias, con ese concepto tan importante para o noso orzamento de ingresos.

O resto dos ingresos correntes ten un modesto incremento, un 1,33%. E as operacións de capital si que sofren unha redución: o 14,83%, e isto está derivado basicamente da apelación ó crédito, claro, é que o endebedamento saben moi ben o que supoñía, pois supoñía computalo aí como un ingreso máis, un ingreso, en certo modo, como se denominaba na terminoloxía antiga xa, moi sobrepasada pola evidencia actual, de ingreso extraordinario, e dicíase extraordinario por que non se recorría habitualmente a el, claro, ó final o endebedamento case era o recurso habitual, afortunadamente creo que a terminoloxía

vai recuperar o seu significado de extraordinario pois será naquelas circunstancias extraordinarias. De momento e de maneira extraordinaria non hai apelación ó crédito, polo tanto temos esa redución do 14%.

No capítulo VI estímase previsible tamén, aínda que non se expresou claramente, pero creo que non é necesario dicilo, a venda de bens patrimoniais, dúas parcelas no Polígono de Sabón, cunha superficie total de 23.000 m<sup>2</sup>, e estimando, porque estas cousas normalmente saen a poxa, pois un prezo mínimo de saída de 81 euros/m<sup>2</sup>, equivalente a unhas 13.000 pesetas. Certamente, un investimento creo que suficientemente importante e atractiva para aqueles que queiran desenvolver actividade neste polígono, e logo posteriormente a deputación facer todo o que estime adecuado para poder entregar en condicións ós empresarios, que son os que teñen que deleitarse do polígono, a utilización del.

Capítulo VII, prevense ingresos derivados do cofinanciamento comprometido para diversos proxectos de investimento no POS, a Rede viaria local, o POL, o Plan 2000 deportes, nunha cifra dun 2% aproximadamente, superior á do exercicio de 2002, é dicir, o crecemento -si, eses cálculos se quere se os dou, con números, se quere os datos de números tamén llos facilito: fronte a 9.395.410 euros do exercicio 2002 neste exercicio temos 9.590.577 euros, é dicir, un 2,08% máis. Isto no que respecta ós ingresos. E isto é, señoras e señores deputados, pura descrición, á descrición, en todo proceso formal, debe de seguila a análise e a política, primeiro temos que describir, logo temos que analizar o que representa isto para os fins previstos, e logo de formular políticas, porque a pesar de todos eses desexos bos e de boas intencións, das cales non o dubido, o que si é certo que as prioridades e as políticas formuladas polo grupo de goberno distan moito das que se poden albiscar da súa vontade e das súas vontades. En todo caso, repito, nosoutros renderemos contas das nosas e cremos que serven mellor ó interese xeral, ó interese de todos, e que representan desde logo o que fixo explícito este grupo de goberno e o seu presidente.

Imos ó gasto. O orzamento de gastos ascende a 146.137.000 euros, supón exactamente un 0,95 inferior ó de 2002, moi pouquiño, un 0,95%. O total das operacións correntes ascende a 69 millóns de euros, ben case 70: 69.909.649.- millóns e foi elaborado, tal e como lles vin sinalando, baixo criterios de conter un crecemento desaforado do gasto sen xustificación, é dicir, non orzar por orzar, senón conter o gasto, e tentar contelo naqueles conceptos -e non utilizamos o truco do almendruco, ese truco das estradas que nos contaba o señor..., non utilizamos iso, vostede sabe que tódolos anos orzamos en 800 millóns de pesetas, cando a unidade monetaria era a peseta, o que eran reparacións ten vostede razón, 2000 quilómetros de estradas, se facemos o cociente, pero aquí temos grupos e imos dividindo por grupos, o Sr. deputado visitando a pé e en automóbil sen cámara de fotos, porque poderíamos traer algunha con silveiras, que pode ser que tamén as haxa, se vostede o dixo eu non dubido diso, en todo caso o que si lle digo é que hai coñecemento previo das estradas provinciais, actúase sobre aquilas nas cales os nosos servicios técnicos nos indican

que o volume de tráfico, a conectabilidade, a importancia, se é rede primaria ou secundaria, pois é o máis aconsellable para facer. E non é un capricho, non é un capricho. Eu sei ben que a outros lles gusta gobernar co regulamento, porque non lles gusta que haxa outro tipo de criterio que non sexa o que previamente definiu alguén coma o interese xeral, é dicir, os cidadáns teñen pouco que dicir a ese regulamento, proxéctaselles o cadro de persoal, e se funciona ben, e se non funciona, xa veremos. Este non é o criterio do Partido Popular, repito, visítanse as estradas, coñécense as necesidades, escóitanse ós técnicos, e a partir de aí, actúase nas que é máis urxente, de certo, non se actúa en todas, entón facer un cociente de “a tanto por metro cuadrado, por quilómetro” pois non me parece que sexa o mellor. Pois con este tipo de gasto intentamos que sexa e que estean garantidos todos aqueles servicios que a deputación vén prestando, non deixando de lado os obxectivos marcados polos propios concellos.

Os gastos de persoal. Imos un a un. Os gastos de persoal ascenden a 28.889.553 euros; incrementáanse de maneira notable respecto ó exercicio anterior. É verdade. E cando para o vindeiro exercicio se fagan os orzamentos van ter carácter de mínimo; xa o sabemos; esas cousas xa se saben, cando vostede por un intervalo, e di: mire, imos negociar entre o 8% e 11%, todos van querer o 11% cando alguén ten un salario e se lle incrementa o salario, pois a partir dese momento iso adquire condición de mínimo, e ¿isto é unha irresponsabilidade? pois eu creo que non.

Imos explicar por que incrementamos o gasto e imos velo en cada un dos seus epígrafes e así o entendemos mellor. Reclasificación de postos de traballo: isto foi aprobado por unanimidade por esta corporación o 25 de outubro de 2002, isto significa un incremento de 281.000 euros, para maior incremento das retribucións por encima do 2% aprobado na Lei de orzamentos xerais do Estado, a Lei de orzamentos xerais do Estado vén desenvolvendo desde o ano 96 un criterio que cremos que é moi positivo: romper o círculo vicioso da inflación, a inflación non é outra cousa ca unha suba indesexada do nivel de prezos sobre a base de que os axentes económicos temos expectativas, e se vemos que no pasado os prezos subiron, no futuro anticipamos que van subir tamén. Á parte do efecto que poidan ter outras políticas económicas sobre o comportamento dos prezos, a formación de expectativas que é un tema de tipo cualitativo, isto non se mide, senón que é a percepción, e ¿como se mide a percepción? mídese avaliando a reputación, e por iso se fala hoxe en día de gobernos cribles e por iso os mercados castigan a aqueles que non son cribles, é dicir, a cotización nos mercados das moedas e das accións, que son as partes alícuotas do capital delas, cando queren dispor de máis capacidade financeira e recorrer a estes mercados para dispoñer dela, prémianas ou castíganas en función, por iso queren coñecer ós axentes, piden fotografías, piden radiografías da empresa, pois dos gobernos pasa exactamente o mesmo, e coa inflación pasa o que eu lle estou sinalando. E seguimos negociando, non por obstinación, senón porque é a mellor maneira de trincar expectativas inflacionistas. E nunca o sector público contribuiu de maneira adecuada a romper as expectativas inflacionistas; é máis, ata

mesmo se comentaba que, claro, como no sector público se producía aquilo que se chamaba o efecto expulsión, o sector público cando compete cos sectores privados en captación de recursos, resúltalle doadamente, porque non lle importa o prezo, impórtalle a cantidade do seu endebedamento e esquécese de todo o demais. Ben, pois nesta casa teño que lle dicir que iniciamos co 2% seguindo ese criterio, pero tamén crimos conveniente que había que subir por encima dese nivel e así se negociou nas mesas correspondentes, e a iso destinamos 183.725 euros.

Créanse 29 prazas de persoal funcionario, cun custo orzamentario de 769.585 euros; establécese unha dotación nova para persoal laboral eventual, na execución do programa xuventude e emprego, por 848.000 euros, xa dixen que este gasto tiña o seu correspondente ingreso, díxenllo anteriormente, e a súa transferencia da comunidade autónoma; e finalmente, a produtividade adicional para o persoal funcionario e o persoal laboral, por un importe de 313.240 euros. Isto dá un total de 2.386.331 euros, que proxectado sobre o que tiñamos o ano anterior, produce ese incremento dun 11,04%, porque todo se vai acumulando, unhas cousas acumúlanse a outras, as necesidades..., e non se atenderon tódalas cousas, houbo que xerarquizar, e ¿iso que é? facer política. E probablemente, isto non estea a satisfacción de todo o mundo, a nosoutros gustaríanos que si, pero ás veces, ó noso pesar, tampouco está, pero tamén hai a liberdade de elixir sobre a base e a responsabilidade de ter que tomar decisións. Por iso creo que iso é moi positivo.

E non quixen sinalar outras cousas, que cremos que son básicas nunha institución, pois fíxese: as prestacións sociais para bolsas, axudas a vivendas, outros gastos sociais, incrementáronse nun 15%, porque é verdade, había anos que non se viña modificando esa partida; entón, claro, chega un momento en que os dereitos, entre comiñas, conseguimos a través da negociación cunha parte patronal fai perder presenza dentro do que son as remuneracións. Neste caso creo que se intentou achegar máis beneficios sociais a tódolos traballadores e traballadoras desta casa. Polo tanto, repito, son circunstancias que fan que se produza un crecemento dese 11,04%.

Si pasamos ó gasto en bens correntes e servicios é moi importante velo, vostedes vírono, e vostedes estudiárono en profundidade, eu lamento, de verdade, dígollo, Sr. Doval, o meu empeño era que tivera máis tempo o orzamento, de verdade, porque si que é certo que nunha ocasión por unha cousa, noutra ocasión por outra cousa, respectando os prazos legais, non tiveron moito tempo no seu poder o documento. Pero eu non sei, e por iso me gustaría experimentalalo, nas ciencias sociais non hai posibilidade de dar marcha atrás e ver o que podía pasar se fixeramos doutra maneira, como iso xa non pode ser, pero a min gustaríame que tiveran máis tempo, que o puideran ler con detemento, porque entón si que estou seguro que ían ter máis dúbidas, e ó ter máis dúbidas, como seguro que as están tendo agora, probablemente poidan cambiar o senso do seu voto. Pero en todo caso, no caso de bens correntes ascende a 21.290.671 euros, isto supón un incremento do 4,32%. Sempre os

tres anos anteriores, e non estou facendo balance de lexislatura; estou presentando o orzamento preventivo para o ano 2003; pero como ás veces dise que non hai política, que non hai criterios, por iso reitéroo e son tan pesado con isto, sempre fixemos unha política de contención e racionalización do gasto corrente, e mesmo procuramos -non fixemos ese truco do “almendruco” das estradas, pero ben-, procuramos que o gasto corrente se contivera, porque cremos que non é bo que se desmande, pero como se incrementou en 377.846 euros, pois imos ver un pouco a qué responde.

Basicamente responde ó compromiso político dos plans de estradas, e por iso corresponde, e non sei se foi o Sr. Doval ou o Sr. Lagares o que me fixo a pregunta ¿por que hai tantas asistencias técnicas? ¿por que .... -din algúns malévolos, entre comiñas o de malévolos...- externalizan vostedes o que se pode facer desde casa? Pois mire son honorarios de redacción de proxectos e asistencia técnica á dirección de obra dos programas de estradas, porque como queremos facelo, e sabemos que isto leva moito tempo, e sabemos que tamén temos recursos limitados, e sabemos ademais que aínda que quixeramos non sería sensato para un programa incrementar o cadro de persoal de funcionarios, ¿non?, nin tampouco pedirlle ós funcionarios que sobrepasen o límite legal de horas, que tamén damos a oportunidade se isto fora adecuado, pero como iso non é, temos ese tipo de asistencias técnicas e ese tipo de incremento, e iso produce certamente o que vostedes din, vostedes cando sinalan esa cifra non se equivocan, dino correctamente, pero non din o que hai detrás dela; detrás dela hai un compromiso político, un compromiso para priorizar as estradas, e xa poden ir vendo que a través dos anuncios de expropiación urxente dispoñemos, e da dotación tamén que fomos poñendo, suplementando os conceptos de expropiacións e suplementando a dotación para investimento en novas estradas, que é certo o que lles estamos dicindo.

Existen tamén outras partidas, de menos contía, que van servir de explicación a este incremento do gasto corrente, como o Sr. Lagares xa o dixo, pois mire, a dotación para reparación e conservación de estradas, pois tamén aí nos pesa coma unha lousa. Eu tamén lle dixen o ano pasado, ou o anterior creo lembrar que tamén comparto con vostede que isto era mellor un gasto de investimento que un gasto corrente, pero está aí metido e creo que o lóxico é que fora gasto de investimento; non está; témolo; sumamos; facemos o cálculo e sobe o gasto corrente o 4%. Pero xa ven vostedes que responde todo a sensatez a resolver problemas políticos e a materializar unha prioridade que non é outra que atender esa necesidade que se detecta, que é que as vías provinciais e o treito de vías secundarias tamén teña o reflexo orzamentario que permita resolver as dificultades que poidan presentar.

Respecto ós gastos financeiros, o total deste capítulo ascende a 3.802.205 euros, representa un lixeiro incremento, o 1,03% respecto ó exercicio pasado, un lixeiro incremento, iso é ¿saben por que? porque os créditos van consolidando, teñen un período de carencia, transcorrido o período de carencia aumenta a carga ó entrar e consolidar o crédito



que se subscribiu para atender normalmente determinados investimentos, no caso do exercicio do 2003 non vai ser iso, pero si o pasado hai que render contas del e hai que atendelo.

Capítulo IV, transferencias correntes. O importe total deste capítulo ascende a 15.927.240 euros, tamén representa un incremento do 12,42% ¿por que vén determinado este incremento deste capítulo de transferencias correntes? pois polo que dicíamos o compromiso municipalista e o compromiso do que xa falamos para circunstancias imprevistas e non desexables. As subvencións ás confrarías increméntanse un 100%; a nova partida para este exercicio de achega ó consorcio provincial contra incendios e salvamentos, isto é unha cooperación interinstitucional, isto non é diñeiro que se lle dá á Xunta, isto é tamén unha esixencia, que cada paso máis, imos ter que esixir, e é bo que teñamos oficio para saber como resolvelo. Esta Deputación provincial anticipouno, creo que imos dispor, a través do consorcio provincial de parques de bombeiros e protección civil, dun instrumento adecuado para apoiar, para contribuír e paliar, ou se é o caso, prevenir determinadas circunstancias que, como xa dixen antes, ninguén busca.

E temos dous novos programas, dirixidos ós municipios da provincia, o Plan de rexeneración do ambiente para municipios afectados, por un millón de euros, e outro plan de apoio turístico para eses municipios, por outro millón. Eses dous plans, que están abertos con estas cantidades, se fora necesario, e tamén teño que lle dicir que vostedes propoñían un ámbito de actuación que o outro día dalgún modo intercambiamos pareceres sobre o que representaban eses cinco mil millóns, estamos nunha situación en que o gasto é un gasto afectado, é un gasto que non se podería facer de maneira inmediata porque terían que porse de acordo as partes, non habería dificultade en porse de acordo, pero nembargantes como é pertencente a exercicios pechados, vostedes sábeno ben, ¿que pasa cos exercicios pechados? pois ata que se liquide a conta xeral de 2003 non sería dispoñible, polo tanto, nas mellores condicións, no mes de marzo. Neste momento, tecnicamente, non é factible, non falta o desexo pero hai un compromiso por parte do presidente que estas novas necesidades, se se vira que a Deputación provincial ten que, dalgunha maneira, facer un esforzo adicional, pois estaríamos na mellor disposición para facelo, e para facelo entre todos, non para facelo como un grupo político que intenta rendibilizar algo que non ten obxecto ningún ou buscar rendibilidade, senón dar oportunidades para mellorar esas condicións.

Eu xa creo que do orzamento de gasto quedame a parte dos investimentos, capítulo VI. Voume referir sobre todo a este capítulo porque se incrementa un 7,72%. Mire, o Sr. Lagares tamén me preguntou antes, e as cousas ás veces van a cachón, pero cando ten que ver co que estou explicando, normalmente se acende unha luciña, vostede dicía: “que pasa co edificio administrativo que se ía facer, que non vexo que apareza?”, pois mire non o sei, ¿e sabe porque non o sei? porque este edificio contratouse no mes de novembro do ano pasado, estaba previsto que estivera terminado, a empresa adxudicataria do concurso estivo

con problemas, con moitos problemas, iso impediú que a execución fora ó ritmo previsto, fixéronlle todos os apercibimentos necesarios, seguiuse, e agora conseguimos, ó final, que sen ningún tipo de reclamación nin nada o segundo se faga cargo, que se chama Mouzo e Souto, creo lembrar, a empresa, desa cuestión, como xa estaba orzado e ese crédito está aí e está afectado, pois xa era suficiente e está contratado, por iso non poñemos máis pero por ningunha razón de que iso vaia desaparecer, porque en todo caso nin comparto con vostedes.

Sr. presidente

Sr. Erias, rogaríalle que fose abreviando, por favor.

Sr. Erias Rey

Encantado. En todo caso, o que si quero sinalar é que ese compromiso vaise manter, o compromiso de dispor do edificio administrativo, e é máis, e era o que ía dicir que tiven que retomar, isto é como cando se achega alguén a ese paxaro que está tranquilamente cantando e márchase voando, logo volver a capturalo para a mesma rama é practicamente imposible, pois a min estábame pasando o mesmo, mire, quería dicir que o tema das comarcas, desde o punto de vista de recadación -creo que xa o falamos no seu día-, compartímolo e creo que iniciamos unha dotación de recursos humanos para dar cobertura á prestación deses servizos prudente; podíamos ter sacado o triple de prazas, pero parécenos que imos empezar pouco a pouco, e en función das necesidades ir atendendo o que pasa nas comarcas, que é un bo punto de referencia, teñen vostedes razón, Sr. presidente, se a vostede lle parece oportuno deixo aquí a explicación.

Moitas grazas.

Sr. presidente

Sr. Rodríguez Doval, rógolle que nesta segunda intervención sexa o máis breve posible. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

Si, exactamente, como di o Sr. Campo, bastante máis có Sr. Erias, e non soamente llo vou prometer senón que ademais o vou facer. En todo caso direi que unha das cousas que máis me afagan do Sr. Erias é que converte as súas intervencións nunhas clases que, a min polo menos persoalmente, abránme, na pedagogía que utiliza, porque eu ás veces sei do que está falando, pero non me lembro a que vén o que está falando. A min hai dous conceptos, que como vostede estaba facendo unha intervención de análise económica, hai

dous conceptos que se me escaparon, e como non vai unha terceira intervención, seguramente debaterémolo despois, que é o famoso de economías de sobe e baixa o do truco do “almendruco”, que eu non sei a que respondía, pero en todo caso si que introducen, a min o das economías de sobe e baixa lembrábame a “Barrio Sésamo” polo de “arriba” e “abaixo”, pero en fin.

Eu dicíalle, Sr. Erias, indo á parte concreta, vostede lamenta que non houbera máis tempo para debater isto; e eu lamento que vostede o lamente; pero eu non podoo máis que lamentalo, e vostede ten, eu creo, o deber de intentar correxilo. Nos últimos anos pasou sempre o mesmo. Vostede pode ter a incógnita de que pasaría se tiveramos máis tempo para estudialo, claro, teríamos máis dúbidas, pero si tiveramos máis dúbidas eu creo que teríamos máis razóns para votalo en contra. Pero en todo caso, queremos ter máis tempo porque queremos analízalo mellor, e é evidente, que vostede sabe que cos prazos, tal e como estiveron, houbo unha serie de limitacións, entón alégrome que vostede saiba iso pero que alegrárame moito máis có vindeiro ano, e ó mellor non lle toca a vostede de ter que tomar esa decisión, pero que quede aquí escrito, quen sexa, eu creo que nosoutros non temos un sistema, como teñen os parlamentos, que regula isto, cunha fórmula un pouco máis racional, pero eu penso que algo, aínda que non o teñamos expresado claramente no regulamento interno da deputación, creo que si lle podemos introducir unhas certas doses de racionalidade, e vostede sabe que os prazos dados son moi curtos.

Eu díxenlle en todo o debate que houbo aquí, a miña intervención non se centrou no tema numérico, é máis, eu creo que nas intervencións que fixemos, fixemos unha análise no caso concreto dalgunha delas, falando de que xa sabíamos que efectivamente os recursos son limitados. E vostede di “os recursos son limitados e hai que aplicar a racionalidade e a eficiencia”, e aí é onde nosoutros vemos que diante dos recursos limitados non se aplica a racionalidade e a eficiencia, e limiteime a falar dun deles que este ano ten un peso grande, como é o tema de estradas, ou un deles que é, igual ca tódolos anos, que é o tema da cooperación económica local, dese abano de plans que hai. E efectivamente, eu aí non me detiven no diñeiro que hai, fíxese vostede; detívenme na forma en que se invisten e no mecanismo no que se invisten. Pois qué lle imos facer, eu non teño nada que lle facer se vostede me di que non reconece o modelo do BNG respecto ás deputacións, de todas formas si quería lembrarlle unha cousa: eu sempre fun moi cauto nas miñas intervencións, de non contrapor un modelo que existe, témolo pero que é este o foro para o debater, as miñas diferencias cos orzamentos en materia do que é a filosofía díxenllas claramente, díxenllas claramente no que era a política de cooperación local, díxenllo claramente na política do tema de estradas, díxenllo claramente na política de subvencións, ou díxenllo claramente na transferencia dos centros, tanto de educación como de asistencia social, á comunidade autónoma. ¿Vostede pensa que iso é desfacer as deputacións?; iso é outra política dentro do marco que está, que eu sei cá é o que é, xa veremos se isto avanza e se o día de mañá haberá que formular unha política alternativa, que por certo non é o que diga o Bloque, hai

outros estudiosos que aí que din que efectivamente nun estado autónomico consolidado, aínda que coas limitacións que sabemos que ten, o papel das deputacións non pode ser o mesmo que era cando se crearon, e vostede sabe que foi un dos temas que non se tocou na transición, entón algún día haberá que tocalo, pero esa non é unha cuestión ideolóxica; é unha cuestión de racionalidade á hora de facer política. Entón se vostede quere saber cál é o modelo, discutímolo un día á marxe deste foro, pero a alternativa ó que vostedes fan explícito dentro dos orzamentos e que nosoutros temos outra idea cabe perfectamente neste marco, non hai que desfacer absolutamente nada.

No tema das estradas que vostede di, é que o tema da externalización dos servicios e tal, é así, pero podería ser doutra maneira, vostede imaxínese que empezamos a casa por abaixo, polos alicerces, que primeiro fixeramos o mapa, a radiografía da provincia, que despois marcamos uns criterios e que marcamos prioridades; iso, para empezar, non daría lugar a que tiveramos que andar pedindo a golpe de teléfono, como se adoita dicir, os proxectos técnicos para que esas obras se puideran aprobar, é dicir, que se podería facer perfectamente dunha maneira racional, e partindo dunha idea, que é a que temos nosoutros, que iso que teña unha vontade de continuidade, que non estea sometido ó que queira a corporación que dure catro anos, senón que poida continuar. Iso pódese facer, Sr. Erias, porque de poder facelo ás veces en concellos pequenos, non me diga vostede que nunha deputación que ten os medios que ten esta, e a capacidade e o coñecemento da realidade da provincia, se se quere, non se pode facer. Pero ademais voulle dicir que é certo soamente en parte, porque teño que lle dicir a vostede que cando aprobamos aquí hai tres ou catro meses o plan de vías aprobáronse obras que non tiñan proxecto e tiñan consignación, e aprobáronse obras que non tiñan consignación e tiñan proxecto, ben, en fin, era todo un mundo, aínda que é certo que as que veñen agora aquí para esa anualidade teñen todas proxecto, pero non é certo todo o que vostede di, sabe vostede que aquí aprobamos e nosoutros fixemos constar iso.

Polo tanto, se se quere pódese, é un problema de vontade política, que nosoutros cremos que, efectivamente, é o que falta aquí á hora de xestionar. Eu teño as miñas dúbidas, pola parte que me corresponde, agradezo moito a súa condecoración de discurso creativo, eu creo que creei bastante pouco, en todo caso o que eu vexo é que o único que pasan as agullas de reloxo e creo que o que creamos é tempo morto, como se di nos partidos, pero eu digo que pola miña parte sei que non fixen un discurso moi creativo, e tamén é certo que por outras partes, ata mesmo a interrupción que lle fixo a vostede o presidente non é creativa porque tamén lla tivo que facer o ano pasado cando estaba acabando a segunda intervención, pero en todo caso é un discurso moi machacón, Sr. Erias, eu creo que podería ser un discurso moitísimo máis creativo se tiveramos outro mecanismo e se se introduciran máis iniciativas políticas para que o debate fora doutra maneira.

E, termino, ¿xestionar ou gobernar? Eu o que lle dixen, e repítollo porque ademais estívono pensando e a min dame así, igual estou equivocado, a articulación do orzamento está pensada para xestionar un diñeiro, eu ben sei que despois vostedes cando teñan o orzamento feito gobernan, vaia se o gobernan, xa o sei, pero a articulación que está feita é simplemente partindo de que hai, e claro, non saque vostede isto de contexto porque eu dicía: “¿por que hai todo isto?, porque hai un setenta e pico por cento moi longo que vén de transferencias do Estado, e a nosoutros con isto que temos aí, que xa nos vén dado, pois veña, a repartir, a iso é ó que me refería eu, xa sei que vostedes despois lle aplican a iso un criterio, e vaia se gobernan, como lle dixen antes.

En calquera caso e xa para rematar, a min o que me parece bastante evidente, e aí ratifico o que vostede dixo, e adiantou, ademais, claro, isto cando se ve é cando se fai a liquidación, a conta xeral, pero o meu mal non me equivoco, cando fixemos a conta xeral de 2001 case nos daba un orzamento ó 40% por encima do que tiñamos inicialmente orzado. Iso tampouco é bo; eu creo que non é bo pasarse por abaixo, pero tampouco é bo pasarse por arriba. Porque vostede xa o que me está adiantando pouco menos é que o que vén aquí practicamente non vale para nada. E eu non creo que iso politicamente sexa aceptable. O noso voto vai seguir sendo negativo, e xa lle digo, interesaríame que vostede constatará onde están as diferencias na forma en que se poderían facer as cousas, e xa sei que non é un problema soamente de método; é un problema tamén de concepción política. Pero non se preocupe vostede, non vaia á caixa dos tronos para destapar se o Bloque estivera..., non se preocupe vostede diso, saiba vostede que cando nos toque esa responsabilidade, se é que nos toca, está claro, fixado, cáles van ser os nosos criterios, e non será por non dicilos aquí, eu creo que calquera que veña ós plenos, ou que estea aquí, sabe perfectamente cáles son as nosas discrepancias, o que sería un modelo de goberno, ou un modelo -se vostede quere- de xestión diferente dos recursos que ten esta institución. Eu lamento que vostede non o acabe de entender, pero paréceme que a estas alturas queda dabondo claro, en todo caso xa teremos oportunidade, cando nos toque, de transmitilo na práctica, ou de facelo na práctica, iso..., como vostede dixo: dirano os cidadáns e as cidadás, ¿non?

Sr. presidente

Sr. Lagares, rógolle brevidade tamén, por favor.

Sr. Lagares Pérez

Intentarei ser o máis breve posible, porque máis ou menos, non está dito todo nunca, pero as reflexións están feitas e non están contestadas de forma adecuada, polo tanto non nos convencen para dudar entre un si ou un non; un non máis rotundo, se cabe.

É evidente que os concellos teñen unhas necesidades e hai que priorizalas, iso sabémolo todos, iso non é necesario que se nos diga aquí, e é lóxico que hai que ser prudentes, pero hai veces que mesmo unha pequena imprudencia pode lograr esa axilidade, pode lograr esa cooperación, pode lograr algo que nos están demandando os cidadáns. Debemos ir por diante da sociedade, non detrás dela, e hai veces que hai unhas necesidades que están aí e que aparecen, e que non é culpa do grupo popular nin do grupo nacionalista nin do grupo socialista; apareceron; fagámoslle fronte. Pero fagámoslle fronte cunhas contías, non ridículas, nin moito menos, porque tódalas partidas orzamentarias están abertas, pero que non se nos veña a dicir aquí que o grupo popular é o inventor do fomento pesqueiro, por favor, esta deputación, co sector primario globalmente, tivo distintas actuacións, que logo foron devoltas cando a Xunta asumiu as competencias, fóronlle devoltas. É o que se está pedindo aquí. Sexamos solidarios, pero que esta solidariedade empece xa.

Falaba de gastar, pero o concepto de gasto non é gastar; é saber gastar. Se temos cen euros, imos ver como os gastamos, imos saber gastar ben e imos racionalizar o gasto, que son conceptos completamente distintos, despois falaremos de gobernar e xestionar mal, ou falámolo agora xa. Vostedes gobernan a deputación por imperativo do pobo da provincia da Coruña, unha maioría suficiente, deulles o pobo a confianza, a nosoutros díxosenos: “fagan vostedes unha oposición constructiva”, sempre llo dicimos ó Sr. presidente, o Sr. presidente é o leal presidente, e nosoutros somos a leal oposición, pero si imos facer oposición e facer achegas. Eu lamento que non se me contestaran algunhas cousas que aquí falamos.

E dentro da brevidade, matizarlle varias cousas. Con respecto ó IAE, direille que claro que hai que cumprir os acordos, hai que cumprir os acordos que están asinados, senón, o municipalismo teremos que queixarnos claramente. De momento está plasmado nun documento, de momento sabemos que os municipios de máis de 100.000 habitantes sabe vostede perfectamente que se vai financiar, parece ser co IRPF, co IVE e cos impostos especiais, sabemos que as Pymes non van pagar o imposto de actividades económicas, aquelas que no superen unha facturación anual de 1.000.000.- de euros, pero hai outras persoas que están pagando o imposto de actividades económicas, Sr. Erias, non só as grandes empresas, aquí igual nos colleron co pé cambiado, porque hai determinadas profesións que si seguen mantendo o imposto de actividades económicas. Simplemente o grupo provincial socialista pide que se cumpran os acordos, coa deputación, cos concellos, cos cabidos, cos consellos, que está referendado por dous ministros e polos novos representantes da Federación Española de Municipios e Provincias.

Sabemos perfectamente que os expedientes de modificación de créditos forman parte da estrutura orzamentaria, das bases de execución do orzamento, e que os facemos en tódalas institucións, onde se goberna fanse expedientes de modificación de créditos; aquí non foron tres; aquí foron tres aprobados en pleno, e vintepico aprobados directamente polo

Sr. presidente, porque llo dá as bases de execución e as leis orzamentarias. E pode facelos perfectamente. Non dicimos que non se poidan facer, se mesmo teño que dicirlle que nosoutros votamos ós que viñeron ó pleno normalmente a favor, porque nos parecía que viñan a correxir o que nosoutros defendiamos no debate do orzamento preventivo, tema de estradas provinciais: hai que incrementalalo; un novo plan cara ós concellos, porque realmente os concellos son os sacrificados nas transferencias de capital, tanto no capítulo de ingresos, que son 0 pesetas, 0%, non así nas transferencias correntes, e sabemos cara a onde teñen que ir dirixidas as transferencias de capital que recibimos do Estado, que son fundamentalmente o POS, a rede viaria local, e o POL, e o crédito tamén para os investimentos a maiores do POS. E non hai outra fórmula, eses son os números, están aí, non os invento, menos 13 millóns de euros, transferencias ós concellos; están aquí perfectamente.

Falaba de dous plans de sube e baixa; aquí é un plan de baixa, arriba o telón, como Cantinflas. E falaba dunha lupa, é curioso, coa lupa coidado, que nos podemos queimar, sabe perfectamente que Aureliano Buendía en *“Cien años de soledad”* de García Márquez, utilizaba unha lupa como arma de guerra, e chegou a queimar a unha persoa e produciulle chagas importantes, non fagamos coma o coronel Aureliano Buendía, deixémosllo no seu recóndito Macondo, e vaíamos seriamente a tratar os temas.

Subvención á Xunta e novo plan da Xunta de emprego. Ben, eu non quero ser catastrofista, pero non sei se coñecen este plan, o que significa, chámase o Plan LABORA, supoño que o coñecen, supoño que saben como se utilizan os mecanismos, e como os estamos utilizando nos concellos, e sabemos que se maquillan os datos do paro xuvenil. Esta deputación xa utilizou este plan, teño entendido, concretamente nunhas aulas especiais de informática, creo que se utilizou, coidado con este plan que non sabemos o que pode dar de si; este é un proxecto que está iniciándose, que non se ve moi claro, non se ve moi claro por parte do municipalismo galego, e si sabemos que o presidente, falando de municipalismo, é un municipalista e sabemos perfectamente que cando el tomou as rendas da deputación devolveunos determinadas autonomías ós concellos que nos foran retiradas, por certo polo Partido Popular, que tiña unha maioría de goberno. Este presidente devolveunos esas autonomías en temas tan simples como a contratación.

(Sae o Sr. Cobas García).

Pero claro, aquí non me encontro, eu creo que non me contestou debidamente, e xa vou terminando, Sr. presidente, non se nos contestou debidamente por qué o Estado sacrifica ós concellos nas transferencias de capital; pon que non se fan os balances de asistencia técnica, xurídica e económica ós concellos, e se valoramos favorablemente o da recadación; por que esa política subvencionadora á Xunta, que de englobarse debidamente no Plan de cooperación ás obras e servicios estaríamos moito mellor, estamos facendo ó revés, vostede dicía: aquí facemos as transferencias, descentralizamos as autonomías, e as

autonomías terán que descentralizar nos concellos, e o papel das deputacións..., claro que haberá que estudialo, teñen unha misión concreta e específica, non devolvamos atrás esa autonomía local, sigamos cara adiante, deámoslle máis poder ós concellos, que é onde está a política de pé de obra.

O gasto corrente, insisto, somos partidarios de que, efectivamente, a conservación e mantemento de estradas que sigan no camiño que seguen. E xa a estas alturas da tarde-noite, quero dicir o mesmo, co cal finalizamos: vostedes gobernan a deputación, pero non xestionou ben este orzamento preventivo. Mire o que lle digo: non o están xestionando ben preventivamente, porque este orzamento igual se dispara ó dobre ó final do exercicio, cando aquí se rinda a conta xeral do orzamento do exercicio, veremos cál é a situación; deixemos que se fagan os expedientes, ¡como non!, deixemos que o persoal desta casa como tódolos funcionarios, teñan esas subidas, que os funcionarios son unhas persoas moi sacrificadas por esta Administración que non é capaz de controlar o IPC. E claro, imos subir o 2%, resulta que o IPC está no 4,1%, ou o que sexa, que non sabemos, non imos ser faquires de aquí a que termine o ano pero si están perdendo poder adquisitivo, claro que se as políticas sociais, de axudas, claro que son necesarias, ¡como non!, e aí estivemos, demos o voto favorable, pero queremos ir a por máis, parécenos insuficiente. Pero tamén sabemos perfectamente que hai que cumprir coas directrices da Lei de orzamentos xerais do Estado. Sabémolo perfectamente.

Polo tanto, concluindo: orzamento continuísta, máis do mesmo, menos transferencias ós concellos, maior gasto corrente. Non se reacciona de modo rápido con determinadas economías, e non quero falar máis de sensibilidades, non queremos protagonismo en temas que temos que estar todos moi unidos en torno a problemas moi concretos, pero reaccionamos áxil, de forma cooperativa e de forma solidaria.

E xa nos está anunciando, Sr. Erias, que imos ter un remanente de tesourería, cando liquidemos o orzamento de tesourería ten que ser máis baixo, pero imos agardar acontecementos, e dicirlle que, indudablemente, eu recoñezo os esforzos que fai para convencernos, pero *ad cautelen* o noso voto vai ser negativo. Moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Á vista de que este voceiro é o único que ten limitado o tempo, pois vou ser prudente para que non me teñan que amoestar outra vez.

En todo caso, sobre a base de que non se me entendeu adecuadamente a economía de “sobe e baixa”, esta é a economía dos aeroportos, tamén chamada así porque normalmente nos aeroportos, hai moito tempo de espera, e un está aburrido, e dá para moito tipo de conversacións, e as que viaxan acostuman a ter dabondo que ver con estes asuntos



do económico, entón sempre as análises que fan é que isto subiu, o outro baixou, normalmente non serve para nada, e ademais aínda que servira para algo non lle ían dicir ó, entre comas, “de enfronte” o que tiña que facer porque senón, evidentemente, perderían a oportunidade eles de teren a vantaxe que supón o maior coñecemento.

Esta non é a miña finalidade, secuestrar información para que vostedes no teñan coñecemento; dispoñen de coñecemento, teñen oficio e polo tanto eu respeto o oficio e o coñecemento, non poño nada en dúbida, e non pretendo nunca dar lección a ninguén; estou disposto a escoitar e aprender, que teño e agardo poder aprender moito ó longo da vida que teña para o futuro. Pero si é certo que nalgunhas cousas non puiden entrar en detalles, xa me gustaría.

Para o Plan de estradas, mire, desde que deu comezo esta lexislatura fíxose unha proposta ós concellos para establecer convenio co tema das travesías..., ben, estamos esperando nalgúns casos a contestación, non foi por non poñernos en contacto, isto cónstame que o presidente, cun oficio asinado por el, facía o ofrecemento para desenvolver e establecer convenio onde fora oportuno, pasar a titularidade e as que eran titularidade da deputación, de certo é un mundo perplexo camiñar por vías de diferentes titularidades para logo facer reclamacións, sobre todo prodúcese nos límites, ¿non? Pero en todo caso dicirle que este plan responde a criterios potentes, de necesidades, e eses criterios son os que serviron para proxectar o resultado que se trae hoxe aquí.

Ben, eu creo que o Sr. Lagares explicouno mellor ca min, o de xerenciar e de elaborar, pero en todo caso o que estamos facendo aquí, primeiro o orzamento elabórase, logo discútese, logo, se hai os votos, apróbase, senón, páctase e conséguese sacar adiante, e a partir de aí execútase, e logo réndense contas. Na execución é onde podería estar a parte que poderíamos chamar estrictamente de xestión, que cada paso se intenta achegar máis desde o dominio público ó que é a xerencia privada, e estos son os compoñentes do Partido Popular, o Partido Popular non está defendendo isto caprichosamente, senón que aqueles que encontran que hai resultados e custos para os que teñen que padecer determinado tipo de comportamento das facendas públicas, pois detectan asuntos que se poidan mellorar, e polo tanto intentan facelo mellor. E creo que iso é un bo elemento que nos reforza que estamos nun sendeiro adecuado.

Eu, como teño que ser tan coidadoso co tempo, quero dicir que Sr. Lagares, o presidente non me deixou chegar a onde tiña que chegar, pero voulle explicar por que: as transferencias o ano pasado subiron un 42%, e entre esas transferencias, que xa llo enunciéi ó principio pero probablemente por ir atropelado pois non deu tempo a que vostede o escoitara, o Plan XXI de turismo da natureza, que era un plan en dous anos, terminouse o ano pasado, e ó non ir neste ano e facer comparabilidade, claro, se o ano pasado subiu un 42% non pretendería vostede que seguירamos ó 42% cara ó *infinitum*... Eu creo que hai que

ser sensatos. Entón, este ano, en termos relativos respecto ó 2002, baixan. A tendencia é que houbo unha participación crecente a través de transferencias, a política -diríamos entre comas- orzamentaria desta deputación. Entón, non quero ir máis alá, porque vexo que ás veces non serve de moito. Pero ó Sr. Moreda, que o ten á súa esquerda, de casualidade, poderalle dicir o que son pesetas correntes e pesetas constantes, orzamento 2000 con orzamento 2004, habería moitísimo que sinalar e entón si que fariamos análises, facelo en pesetas correntes, certamente padecemos a inflación, estamos padecendo a inflación, e non representan o que realmente representan os díxitos do orzamento, entón sabemos que hai que deflactar e que hai que facer outro tipo de cousas para falar con máis propiedade e rigor, e como esta non é unha clase de economía porque os señores alumnos non teñen necesidade, e o que está aquí non ten tampouco capacidade e moito menos a disposición para o facer, pois de verdade, lamento que algúns o tomen por ese senso. Por iso lle digo que as transferencias subiron, o que pasa é que en termos relativos subiron menos do que subiron proporcionalmente o ano pasado; o ano pasado subiron 42%; este ano 2003 o 24%, por tanto a diferenza é, aproximadamente, un 18%.

Son un autonomista convencido e defendo tamén o tema da autonomía municipal, o que vai pasar vai depender estrictamente do que os grupos decidan, certamente, e como este non é o foro, eu espero que polo ben dos concellos se consolide, materialícese e dispóñase dunha autonomía financeira que tamén sirva para acompañar os novos servizos que hai que prestar.

Eu tamén digo que, Sr. Lagares, vostede me dicía que hai un documento asinado..., home, as partes teñen que esixir o cumprimento do que asinan ¿non?, ¿ou non?; foi o goberno, a través de dous ministerios, Administracións públicas e Ministerio de Facenda, coa FEMP, os que asinaron un acordo, pois se non se cumpre, denúnciese, e desde a Deputación Provincial da Coruña estaremos do lado de onde teremos que estar, que é dos concellos, claro que si, podía faltar máis, pero iso non cómpre facelo explícito, iso está aí, e xa é... ben, o que está a carón do b, é outra cousa.

Despois dime que, claro, fixen unhas consideracións sobre gasto e non sei que, eu diría consideracións sobre gasto e investimento porque a finalidade do gasto é que teña un efecto multiplicador sobre o escenario onde se materialice, porque se simplemente é mercar para alimentalos e que isto..., ben, polo menos serve para que sigamos aquí dándolle á lingua, pero en todo caso pretendemos sempre que isto beneficie ó maior número de cidadáns e que asemade teña ese criterio de racionalidade. Eu algunha vez dicía: “é que son radical”...-“¿como?, ¿ti eres radical?”-... Si, porque me gusta ir á raíz dos problemas, gústame descender cara a ese punto externo no cal se sustenta iso que está cara a arriba, para poder entender e saber qué é o que pasa se forzas desfavorables intentan movelo. Pois neste caso intentamos con este orzamento dotalo de racionalidade, é dicir, aplicarlle un criterio de razón, e ¡coidado! a lupa, se non ten luz, hai que buscar algo que o suplemente, e

se ten moito sol, pasa o que vostede di, se esa luz se concentra, e ademais son habilidades que xa un ten par queimar o papel, pero deixando as habilidades á parte, proxectando ampliado sobre o que se quere comprender, ás veces encóntranse imperfeccións, e esas imperfeccións é bo poñelas de manifesto, claro está, desde a oposición, e temos que tomar boa nota, e tomamos boa nota, e escoitamos moitas veces; vostedes vótannos a favor, pero non por capricho nin por facernos un favor, senón porque racionalmente vostedes ven que estamos defendendo sensatamente intereses que están no ánimo de todos.

Con estes criterios e con este clima, non de lección, senón de reflexión de final de todo, e con pouco tempo e o presidente encirrándome porque di que me estendo sempre moito, pois dou por concluído, xa vexo que non os convenzo, nosoutros pretendíamos facelo, pero qué lle imos facer.

Máis nada e moitas gracias.

#### Sr. presidente

Sr. Lagares, en contestación á súa emenda *in voce* que fai vou dicirlle o que mesmo lle dixen ó Sr. Fernández Moreda na súa intervención no último pleno, que este plan de actuacións nos concellos afectados e nos termos tamén territoriais das confrarías afectadas, é un plan complementario de tódalas actuacións e investimentos que está facendo a Xunta de Galicia, que faga o goberno central, que faga a Unión Europea, e o diñeiro que pode vir do seguro do Prestige. Polo tanto, é un plan complementario, pero doulles a vostedes a miña palabra de que se todo o diñeiro e investimentos que poidan vir desas distintas institucións non son suficientes, esta deputación fará aínda un esforzo maior para paliar os danos dese petroleiro que está arrasando nas nosas costas galegas.

Polo tanto imos votar a emenda...

Corríxeme o Sr. interventor que non afecta ó orzamento, pero ben, vostede propuxo unha emenda, aínda que unha emenda que non afecta ó orzamento.

Procédese á votación da emenda.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 8 deputados (PSOE)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 6 deputados (4 do BNG e 2 do PSOE, por ausentárense na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do regulamento orgánico).

Decae a emenda e a continuación procédese á votación do punto núm. 1, o orzamento xeral para o exercicio 2003 e as súas bases de execución.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 12 deputados (8 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 2 deputados (PSOE, por ausentárense na deliberación do asunto e non estar presentes no intre da votación, art. 74.1 do regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Tocante a este punto, apróbbase o seguinte dictame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas:

“Examinado o proxecto do Orzamento xeral da Deputación provincial para o exercicio económico de 2003, que presenta o Ilmo. Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación se deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 149 da lei 39/88, reguladora das facendas locais, procede:

1.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2003 por importe de 146.137.000,00 euros e cun detalle que é o seguinte:

#### **CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

##### **A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

###### **1. Operacións correntes:**

<b>CAPÍTULO I</b>	<b>Impostos Directos</b>	<b>6.429.285,00</b>
<b>CAPÍTULO II</b>	<b>Impostos Indirectos</b>	<b>-----</b>
<b>CAPÍTULO III</b>	<b>Taxas e outros ingresos</b>	<b>5.271.150,00</b>
<b>CAPÍTULO IV</b>	<b>Transferencias correntes</b>	<b>108.531.448,00</b>
<b>CAPÍTULO V</b>	<b>Ingresos patrimoniais</b>	<b><u>5.314.265,00</u></b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>125.546.148,00</b>

2. Operacións de capital:

CAPÍTULO VI	Alleación investimentos reais	1.861.275,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	9.590.577,00
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	540.910,00
CAPÍTULO XI	Pasivos financeiros	<u>8.598.090,00</u>
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		20.590.852,00
<b><u>TOTAL ORZAMENTO XERAL</u></b>		<b><u>146.137.000,00</u></b>

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. Operacións correntes:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	28.889.533,00
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servicios	21.290.671,00
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	3.802.205,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	<u>15.927.240,00</u>
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		69.909.649,00

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Investimentos reais	32.125.381,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	34.962.970,00
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	820.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	<u>8.319.000,00</u>
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		76.227.351,00
<b><u>TOTAL ORZAMENTO XERAL</u></b>		<b><u>143.137.000,00</u></b>

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

<u>Grupo de Función</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
1	Servicios de carácter xeral	15.532.428,00
2	Protección civil e seguridade cidadá	3.169.180,00
3	Seguridade, protección e promoción social	15.895.642,00
4	Producción de bens públicos de carácter social	37.663.980,00
5	Producción de bens públicos de carácter económico	28.889.719,00
6	Regulación económica de carácter xeral	9.639.826,00
7	Regulación económica de sectores productivos	3.234.020,00
9	Transferencias a Administraciones Públicas	20.000.000,00
0	Débeda Pública	12.112.205,00
<b>TOTALORZAMENTO XERAL</b>		<b>146.137.000,00</b>

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispoñer a súa exposición pública por prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 150.1 da lei 39/88, reguladora das facendas locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ó remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 150.3 da citada lei 39/88, consonte co artigo 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.”

## **2.- APROBACIÓN DO PLAN DE EMPREGO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

### INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

A miña argumentación vai ir unificando os punto 2 e 3 da orde do día, posto que o Plan de emprego despois vén reflectido co resto dos datos no apartado 3, polo tanto, vai a argumentación en conxunto.

(Saen os Sres. Fernández Moreda e Poza Domínguez).

En primeiro lugar eu quixera lembrar un debate que houbo neste pleno da Corporación en novembro do ano 2001, referido á aprobación do que era a RPT para o

ano 2002, e dentro do debate entrou a colación a retirada da orde do día da Comisión Informativa de Persoal dun punto, que era referido respecto da modificación do cadro de persoal e na reclasificación de persoal. Eu vou ler textualmente cal foi a argumentación que deu o Sr. Dositeo Rodríguez, como presidente da Comisión informativa, para argumentar que había razóns suficientes como para retirar da orde do día aquela proposta. E dicía en concreto o seguinte: “... E ese aprazamento creo que foi ben recibido por tódolos membros desta deputación, por todo o persoal, e que todo o persoal sabe que esta deputación cando presenta perante este pleno un proxecto vai ter os consensos necesarios e vai ter a solidez necesaria. Entre tanto, non presentamos nin temos por que dar outras explicacións, e simplemente dicir que cando tomamos decisións tomámolas con toda conciencia, e que os traballos previos demóstrannos que hai determinados obstáculos, determinados problemas, que advertidos estes problemas aconséllannos prudentemente, que é en definitiva o que fixemos, non traer a este pleno desta corporación medidas que non sexan plenamente satisfactorias.”

Eu quero lembrar estas palabras do Sr. Rodríguez porque creo que veñen moi ben a colación co punto que imos tratar neste intre, neste segundo punto da orde do día, porque parecía que, efectivamente, estes criterios de actuación estábanse cumprindo, e de feito abriuse unha negociación cos representantes do persoal, a través dos representantes sindicais, onde se chega a un acordo de reclasificación de postos de traballo por unanimidade da mesa de negociación, e esa unanimidade ten expresión tamén neste pleno, e hai un acordo unánime tamén da corporación a este respecto. Nembargantes, encontrámonos neste momento con outra das vellas aspiracións de funcionarios e funcionarias da corporación, cal é a posibilidade de implementar a carreira administrativa, e unha vella aspiración tamén que é a promoción interna dos funcionarios e funcionarias desta casa, que sen embargo veñen precedidas dunha negociación que, ó final, culmina coa sinatura por parte, única e exclusivamente, dunha central sindical, por tanto dunha minoría da representación do persoal, a este pleno.

Un plan de emprego que ten como novidade, e eu penso que é un eixe fundamental do plan de emprego, a creación dun corpo de xestión no grupo B, que vai facilitar o acceso do grupo inmediatamente anterior, é dicir, o grupo C ó grupo B, ¿que pasa, cal é a discrepancia que se dá neste punto? pois eu penso, evidentemente, que a representación do goberno provincial opta por unha alternativa que non satisfai as aspiracións dos representantes de persoal, e que en síntese significa optar por unha vía que efectivamente, podemos entender que era dubidosa, e que habería que estudiala moi profundamente, pero por unha vía que en todo caso o que fai é restrinxir a posibilidade de promoción interna a un número menor do que sería desexable de funcionarios e funcionarias do grupo C, e aí ábrese esa polémica respecto á titulación requirida para o acceso a este grupo, ou a esta subescala de xestión do grupo B, onde para nosoutros, para o grupo provincial do BNG, evidénciase que diante de algo que pode ser debatible, hai exemplos suficientes que permiten abrir o

abano de posibilidades e por tanto o abano de titulacións, de feito nos exemplos que apuntan as centrais sindicais que non aproban este plan, hai convocatorias de prazas tanto por Administracións que poden ser homólogas á deputación, como é o caso dos concellos de Lugo e A Coruña, como é a mesma Administración central, ou como é a Lei da función pública galega, que eu penso que o Sr. Rodríguez coñece suficientemente, onde se abre a possibilidade de acceso a esta subescala de tódalas titulacións medias. Hai outros puntos que, efectivamente, van polo mesmo criterio de restricción, ó noso modo de entender, do que é a possibilidade de promoción, a promoción do grupo D ó grupo C, que non admite unha possibilidade na Lei de medidas da reforma da función pública, e despois déixanse abertos dous campos que son importantes, en primeiro lugar trátase dunha promoción nun senso única e exclusivamente; e en segundo lugar, o que non se soluciona é o problema de que as prazas de administrativos e auxiliares se teñen que amortizar coa creación destas prazas novas.

Polo tanto, nosoutros entendemos que é un Plan de emprego que non veu suficientemente negociado, onde o goberno da deputación non esgotou tódalas vías e tódalas posibilidades para que fóra un plan que satisfixera a tódalas persoas e en todo caso que deixa bastante coxo o que é o espírito xenérico que vén reflectido na xustificación xeral do Plan de emprego, que fala que dado que a Administración pública ten que tender a especializar o seu persoal, ten que lle abrir vías de responsabilidades novas e de promoción para que o persoal teña maior motivación e polo tanto consígase maior eficiencia no servizo.

Eu penso que dadas as circunstancias e apelando á vontade política expresada polo Sr. Rodríguez no pleno do ano pasado, nosoutros insistimos, como fixemos na Comisión Informativa de Persoal, que se retire da orde do día, que se volva á Mesa de Negociación, que se traten de esgotar tódalas vías para que, efectivamente, o Plan de emprego veña o máis consensuado posible, porque así teremos a ferramenta para que se cumpra a filosofía deste Plan de emprego, é dicir, que os funcionarios e funcionarias da deputación se achen cun plan onde se recollan tódalas posibilidades de promoción interna que poidan ter.

Insisto na nosa solicitude de retirada da orde do día e senón, en todo caso votariamos en contra.

Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Imos aglutinar os votos dos puntos 2 e 3. O grupo socialista vaise abster neles.

Sr. Rodríguez Rodríguez



Quero en primeiro lugar, agradecer o tono da intervención da señora representante do BNG porque recordaba unha das palabras miñas, que teño que dicir que ratifico ó cen por cento, e expoñía, ó seu xuízo, a súa preocupación e as razóns que a inducen á abstención neste tema. Eu quixera, polo menos, cambie vostede ou non cambie o seu voto, a explicación máis ampla posible, dentro da limitación de tempo que temos, para non me exceder excesivamente, de por que seguimos mantendo estes puntos na orde do día e por que solicitamos a súa aprobación.

Quero lembrar que este ano, substancialmente, por unanimidade, aprobamos modificacións moi importantes na estrutura burocrática desta deputación, foi quizais a concentración nun só ano de medidas que estivemos falando durante varios anos, que eran difíciles de implementar pero que conseguimos, obviamente, a unanimidade de todo o persoal nestas medidas e refírome á reclasificación de postos de traballo e á recuperación do poder adquisitivo. Temos complexos, porque afectaron a todo o cadro de persoal nun caso, todo o cadro de persoal da deputación, compensóuselle, a través dun sistema que é legalmente posible, de produtividade, diminución de poder adquisitivo, e máis de trescentos funcionarios da deputación, cerca de catrocentos, foron afectados por unha reclasificación. E todo isto por unanimidade, con tódolos sindicatos presentes na casa. Eran temas moi importantes, non estaban suficientemente maduros o ano anterior, e retirámoslos ata lograr ese consenso. E tamén hai consenso entre tódolos sindicatos sobre o Plan de emprego no tocante ós aspectos de creación de prazas, é dicir, tódolos sindicatos estaban conformes e así o manifestaron no seu momento, que se crearan, por promoción interna, prazas do grupo B para acceder desde o grupo C, e prazas de administrativos desde o corpo auxiliar. Este concepto de promoción interna implica que non se incremente o número global de funcionarios da deputación, senón que se incremente o seu nivel de cualificación, a través dunhas oposicións restrinxidas nas que só poden participar os funcionarios. Teño que dicir que todo este conxunto de medidas, o Sr. deputado de Facenda, vicepresidente primeiro da deputación, explicou o que vai custarlle á deputación; é un custo importante pero fixémoslo sendo conscentes de que era bo para a casa, de que incrementaba e primeiro lugar a capacidade e dereito de ter o poder adquisitivo dos funcionarios, correxía inxustizas históricas de clasificación de postos de traballo, e en definitiva, de verdade, daba paso a unha carreira administrativa. Onde surxiron as diferencias foi única e exclusivamente na forma de provisión destas novas escalas que se creaban, e quero dicir neste senso que mantivemos sete reunións da comisión da Mesa de Negociación, intentando chegar a un acordo sobre isto, pero que tiñamos ó final as ideas claras e obstáculos legais que facían imposible continuar falando, respectando, como é natural a postura dos sindicatos. ¿Que era o que estaba pasando? A diverxencia fundamental, en primeiro lugar os sindicatos que non asinaron non estaban de acordo totalmente, eran razóns distintas as que tiñan uns e outros sindicatos para oporse, e un caso concreto, un sindicato defendía que os novos corpos que se crearan o acceso fose simplemente por concurso, outros sindicatos non estaban de acordo, e a deputación tampouco, ¿por que? porque entenderíamos que no tribunal

Constitucional tería claramente unha posición negativa, crear un corpo de funcionarios e acceder a el por concurso parece que non é acorde cos principios constitucionais de mérito e capacidade, sobre todo pensando fundamentalmente, e xa a niveis prácticos, no corpo auxiliar, que hai 125 funcionarios que poden optar e só hai 25 prazas, ¿que pensarían os funcionarios que non tiveran unha antigüidade e méritos, dos que avalían, simplemente por papeis e por anos de servicios que non poidan acceder lexitimamente a unha cualificación de persoal administrativo? Creo que tanto desde o punto de vista legal como desde o punto de vista moral non parecía correcto acceder a esa fórmula.

E despois, a outra diverxencia que se presentou foi os niveis de titulación, ¿por que se limitaba a creación da escala administrativa a determinadas titulacións? E eu teño que dicir que por imperativo legal, porque é certo que hai outras Administracións que tomaron unha postura distinta, se eu non o discuto; está na convocatoria, no DOG, pero é que, ó mellor nos equivocamos, e cando se tratou deste tema solicitouse un dictame do ministerio, e eu quero neste caso lembrar este dictame, porque para min é elemento fundamental, e o que explica que precisamente hai un dictame que, se non o teñen as súas señorías, como é natural, fágollo chegar, do Ministerio de Administracións Públicas, do 24 de outubro, moi amplo, no que di que en definitiva a nova escala de xestión que se crea non está prevista no texto refundido das disposicións vixentes de réxime local, e si pódese crear nesta deputación porque está na Lei de réxime local de Galicia, pero que non existindo regulación sobre as prazas, as titulacións que se deben de pór son licenciado en dereito ou ciencias políticas, económicas, empresariais, intendente mercantil ou actuari, titulacións que son as que se esixen e se contemplan na escala A de Administración, e di: se hai unha escala B ten que ter o mesmo nivel de titulación. Este dictame ante a posición dos sindicatos, que querían estender as escalas, e que a min parecíame correcto, porque dicía a señora deputada que na Xunta de Galicia admítese a titulación xenérica. É certo. A min non me parece mal que se poida acceder desde calquera titulación universitaria a unha praza de grupo correspondente, pero é que na Administración local hai unhas limitacións derivadas da propia lexislación de réxime local e da obriga de manter os principios básicos da estrutura da carreira administrativa nun tema que está neste caso supeditado a unha lei de carácter xeral, que é a Lei de texto refundido de réxime local en materia de persoal, que estamos obrigados a cumprir.

A pesar disto, ante a oposición dos sindicatos, pedimos un dictame á Asesoría Xurídica da casa, e a Asesoría Xurídica da casa, por un dictame que tamén farei chegar ás súas señorías, independentemente do senso da súa votación porque me parece que é lóxico que o coñezan, reiterou que o seu criterio era coincidente co do ministerio que revisase o acordo, por entender, e dicíámolo expresamente, que na Xunta de Galicia e outras Administracións locais admitíanse niveis de titulación xeral, e o ministerio contestounos dicindo que o sentía moito pero que mantiña a súa posición inicial.

Existindo estes dictames aquí, no expediente administrativo, calquera decisión distinta, calquera recurso, anularía estas escalas, porque é un tema de persoal a deputación non pode ir en contra do criterio reiterado do ministerio e da Asesoría Xurídica da casa. E iso foi o tema de negociación; é inútil seguir negociando cos sindicatos este tema, cos sindicatos que non o aceptaron, porque si houbo un sindicato que o aceptou; era totalmente inútil porque non había ningunha posibilidade. E segundo, tampouco había ningunha posibilidade con outro sindicato de aceptar que o sistema de acceso fora o de concurso, concurso-oposición é esixible constitucionalmente, e aí si estabamos de acordo tódolos sindicatos menos un.

Polo tanto, esforzámonos ata o límite máximo para intentar chegar a un acordo, pero a diverxencia xa era coa lei, e a diverxencia coa lei non se negocia; hai que asumila, gústenos ou non; a min non me gusta; se eu puidera, a escala de Administración abría a tódolos funcionarios. O que si fixemos foi algo que ten dous efectos positivos para a deputación que era que con esta restricción limitabamos a posibilidade de que funcionarios administrativos puideran optar ás prazas que estabamos creando, porque non había na casa vinte funcionarios que tiveran a titulación restrixida, imos dicilo así, para poder acceder, e entón decidimos, por razóns obxectivas, e tamén por atender ó persoal, crear unha escala de políticas públicas, escala existente noutras deputacións, e que ten unha utilidade obxectiva para a deputación, porque nos axudará nesa dialéctica que estaban vostedes examinando anteriormente, a analizar e a colaborar na definición do que debemos de facer dentro da deputación para funcionar mellor, porque unha análise de avaliación de políticas públicas, de control de políticas públicas, de xestión de políticas públicas, creo que é boa para a deputación provincial. Entón a creación desta escala permitiunos que, efectivamente, souberamos que había, polo menos, as vinte prazas poderán estar cubertas por funcionarios da casa.

E en segundo lugar, había aspectos, xa de carácter menor, de discrepancia, pero que eran importantes. Hai funcionarios administrativos que son xefes de negociado que van optar a unha praza do grupo B, entón dicíamos: “¿que pasa se este señor opta a unha praza do grupo B”? Despois de varias reunións chegamos a un acordo, no que algún sindicato non estabas, pero que nos parece absolutamente razoable: que conserven o seu nivel de xefatura, non iamos penalizar a un señor que é xefe de negociado sendo administrativo, que se accede a un corpo superior perde a xefatura, non hai ningunha razón, ten máis cualificación, maior razón para ser xefe, senón, resultaría que sería xefe un funcionario de nivel inferior. Parece que por puro senso esa fórmula era razoable.

En en segundo lugar, o que si nos comprometemos no proceso selectivo é a dúas cousas, que agardo que cheguemos a un acordo unánime con tódolos sindicatos, igual que chegamos no 95% dos temas que debatemos. Primeiro, que nestas oposicións restrinxidas non se lles esixa ós funcionarios o que xa saben por razón do seu corpo de orixe, non se

trata dunha oposición na que teñamos que repetir todos eses temarios, porque se trata dunha oposición dun acordo a outro nivel superior, e polo tanto son diferencias; segundo, nos comprometemos a darlles formación interna, a pesar de que é unha oposición restrinxida, para que poidan, dalgunha maneira, facilitarlles a asunción daqueles aspectos especiais que teñen que estudar; e en terceiro lugar, comprometémonos a que se a resultas das oposicións se producen modificacións na situación dunha persoa, que estudiemos os casos singulares para intentar acomodalos o mellor posible nese proceso interno co máximo diálogo.

E estas son as razóns que a nosoutros nos xustifican manter a posición inicial, e solicitar, se non o voto favorable, polo menos a comprensión sobre cómo nosoutros estamos intentando pechar un tema que para nosoutros, creo que para toda a corporación, que foi aprobado por unanimidade, expresa que este ano a deputación creo que tivo unha política de persoal moi ambiciosa, moi consensuada na inmensa maioría dos temas, e desde logo que implica un cambio cualitativo nas relacións da deputación, como Administración pública, co seu persoal.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Sra. Vázquez Veras. ¿Quería que quedara sobre a mesa o punto 2 ou o 2 e o 3?

Sra. Vázquez Veras

A pregunta da Presidencia..., é que o Plan de emprego está na RPT, en todo caso teríase que retirar do terceiro punto aquelas referencias que se fixeran ó Plan de emprego, e aí xa o noso voto sería distinto.

Máis nada dúas cousas, facendo unha aclaración inicial, e é que tódolos documentos que nos falou o Sr. Rodríguez efectivamente este grupo ten constancia porque consta no expediente administrativo, entón só facer referencia a dúas cousas: que nosoutros dubidamos de que sexa un imperativo legal o de restrinxir as titulacións única e exclusivamente as que veñen reflectidas no escrito do MAP, por dúas cuestións, xa fixo referencia o Sr. Rodríguez tamén, e é totalmente contradictorio que a Lei da función pública galega admita calquera tipo de titulación de grao medio para o acceso á subescala de xestión do grupo B, que haxa concellos que están neste momento provendo prazas con este tema aberto, e que sen embargo se faga unha consulta ó MAP, que nosoutros nese caso non entendemos, cando recoñecemos que o Sr. Rodríguez debe ser un amplo coñecedor, mesmo máis ca tódolos que compoñemos o grupo provincial do BNG da Lei de función pública galega, e as referencias que se fan no ámbito estatal das competencias que teñen as comunidades

autónomas para legislar neste aspecto. E despois, nosoutros entendemos que o informe xurídico que se acompaña tampouco é taxativo e non fala de ilegalidade.

Por tanto estamos nun tema que é dubidoso, e nese caso optamos polo que sería máis favorecedor respecto a tódolos funcionarios da deputación, e en todo caso si hai unha impugnación que sae triunfante que teríamos que pegarnos a iso. Porque me parece que mesmo optando por esta opción non nos iamos librar de que existan impugnacións por parte de funcionarios ou funcionarias que consideren que teñen lesionados os seus dereitos, e polo tanto ó mellor nos encontramos na mesma situación.

Entón, desde o grupo provincial do BNG insistimos: a corporación debía optar por aquela vía que abrise máis o abano das posibilidades de promoción interna do persoal. E en segundo lugar, tal e como se xestou o plan a nosoutros parécenos que hai unha sospeita que planea -e menuda frase- sobre o plan, e que vai en contra do que é a transparencia da provisión de prazas que veñen referidas no plan de emprego. E é que dá a impresión de que un monto importante das prazas que se provén teñen nomes e apelidos por atrás. E eu penso que esa sospeita se debe de clarificar polo ben da corporación, e polo tanto esgota a posibilidade de que se acceda, a posibilidade de acceso á subescala de xestión se abra a tódolos titulados medios desta corporación.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Moi brevemente. Primeiro, aclararlle á Sra. Vázquez unha cousa que creo que ó mellor non quedou clara a primeira vez que intentei dicilo, a Xunta de Galicia manéxase pola Lei da función pública, aprobada polo Parlamento de Galicia, e é soberana neste tema, agás a Lei de reforma da función pública estatal, que neste senso lle permite á comunidade autónoma ter autonomía interna na creación das súas prazas; a deputación manéxase pola Lei do texto refundido de bases de réxime local do goberno central, e está obrigada a respectala, polo tanto, non ten nada que ver a posición da Xunta de Galicia, que ten autonomía legal, e así se fixo na Lei de función pública galega, porque así o aprobou o Parlamento de Galicia, que a deputación que está subordinada a unha lei estatal, e polo tanto, a situación é completamente distinta.

E no segundo caso, home, a sospeita de parcialidade na creación de prazas, non sei que lle dirían á Sra. Vázquez pero, desde logo, están equivocados, agás que se faga unha interpretación moi malévola de algo que se fixo, que era que sabendo a estrutura da casa procuremos acomodar de maneira que todo o persoal, buscar polo menos que houbera funcionarios que tiveran a titulación adecuada para poder acceder ás prazas de Administración xeral, e que polo tanto non houbera necesidade de cambios internos na

organización, buscando obxectivamente o interese da deputación, queríamos a promoción coas menores molestias posibles, e máis nada. Calquera outra sospeita é malévola, non o digo pola Sra. Vázquez senón polos que a informaron, porque iso foi consensuado entre todos, e a todos lles pareceu ben, o que pasa é que lle deron a información seguramente sesgada. Máis nada. Moitas gracias.

Procédese á votación de que o punto número 2 quede sobre a mesa.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 4 deputados (BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 8 deputados (PSOE, 6 presentes e 2 ausentes, por ausentárense na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do regulamento orgánico).

A seguir, procédese á votación do punto número 2.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 8 deputados (PSOE, 6 presentes e 2 por ausentárense na deliberación do asunto e non estar presente no intrda votación, art. 74.1 do regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-lo Plan de Emprego desta Deputación Provincial, que se especifica de seguido:

#### **A) MEMORIA XUSTIFICATIVA.**

##### **I.- INTRODUCCIÓN.**

A Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección por desemprego, introduciu na Lei 30/1984 diversas modificacións, entre as que destaca a regulación dos plans de emprego na Administración pública.

Na súa exposición de motivos, a devandita Lei 22/1993, fundamenta os plans de emprego no marco da función pública, na necesidade de "articular medidas que, a partir da racionalización e axuste da estrutura das organizacións administrativas, melloren o rendemento dos recursos humanos da Administración Pública sometendo a súa planificación e xestión a procesos dotados de maior axilidade e eficacia, optimizando os custos de persoal". Así mesmo, configura os plans de emprego como instrumentos esenciais para a presentación global das políticas de recursos humanos das distintas organizacións administrativas e que tratan de adecua-lo mercado interno de traballo ás necesidades reais da propia Administración co fin de incrementa-la súa eficiencia.

Constitúen así os plans de emprego un instrumento de planificación e ordenación da función pública para facer posible a aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e responsabilidade, fronte á situación de graves desaxustes en canto ó número e á distribución de efectivos.

Así mesmo, a Disposición Adicional Vixésima Primeira da Lei 30/1984, engadida pola devandita Lei 22/1993, establece que as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, de acordo coa súa capacidade de autoorganización, poderán adoptar, ademais de plans de emprego, outros sistemas de racionalización dos seus recursos humanos, mediante programas adaptados ás súas especificidades, que poderán incluír todas ou algunha das medidas fixadas para os plans de emprego.

## **II.- NORMATIVA BÁSICA DE APLICACIÓN.**

### **a) PLANS DE EMPREGO:**

Lei 30/1984. Arts. 18 e 20.

Lei 4/1988 Galicia. Art. 29.

### **b) SUBESCALAS NA ADMÓN. LOCAL:**

Lei 5/1997 Galicia. Art. 243 e seguintes.

Lei 7/1985 de bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986. Texto refundido das normas vixentes do réxime local.

### **C) OUTROS SISTEMAS DE RACIONALIZACIÓN DO PERSOAL:**

Lei 30/1984. Disposición Adicional Vixésima Primeira.

Lei 4/1988 Galicia. Art. 29.5

### **III.- XUSTIFICACIÓN XERAL**

A necesidade de toda a Administración pública de adecua-los seus medios, tanto materiais, como de persoal, ás necesidades reais dos cidadáns, coa finalidade de prestarlle-los servizos públicos obxecto das súas competencias, do modo máis racional posible, é dicir, do modo máis amplo e da forma máis económica posibles, é manifesta e a lexislación vixente vai na actualidade nese camiño de facilita-los procesos de axeitamento deses recursos para as tales necesidades.

No ámbito dos medios persoais, as Administracións públicas deben tender, segundo a normativa vixente, a que o seu persoal funcionario teña cada vez máis formación co fin de acadar tamén unha cada vez maior especialización que redunde na maior eficacia no desenvolvemento das súas funcións de servizo ós cidadáns, reciclando para iso ó seu persoal e facilitándolle o acceso a grupos e postos de superior categoría e maior responsabilidade, o que supón, desde logo, un beneficio para o tal persoal, e tamén unha maior motivación para a mellor prestación dos seus servizos, pero, sobre todo, para a propia Administración de que se trate, e neste caso para a Deputación Provincial da Coruña, posto que lle permitirá acadar as súas finalidades competenciais do mellor e máis económico xeito posible, sen ter que aumenta-lo seu Cadro de Persoal, cumprindo así estrictamente, ademais, coa legalidade vixente e no marco do Plan de Modernización que está a desenvolver no ámbito dos seus procedementos, coa aplicación das máis punteiras tecnoloxías informáticas e de comunicacións e coa informatización de tódolos devanditos procedementos.

As medidas que se van incluír no presente Plan de emprego, constitúen, pois, unha adecuación dos postos existentes na vixente Relación de Postos de Traballo, sen que supoña incremento do Cadro de Persoal, empregando as técnicas previstas na legalidade vixente para tal finalidade, mediante a promoción do persoal funcionario existente nos supostos nos que así proceda, coas correspondentes reasignacións e redistribucións dos efectivos afectados, tendo en conta ademais as novas tendencias e técnicas que implican un maior dimensionamento das escalas e grupos de maior formación e capacidade técnica, acorde cunha redución proporcional dos de menor titulación e formación técnica e académica.

#### **B) MEDIDAS E PREVISIÓNS.**

##### **1) MODIFICACIÓN DE ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS E POSTOS DE TRABALLO.**

No marco anteriormente indicado, e de conformidade co disposto no artigo 243.2 da Lei 5/1997, da Administración local de Galicia, procederase á creación da subescala de xestión de Admón. xeral, intermedia entre a superior, técnica, e a administrativa, ámbalas



dúas tradicionais no réxime local e, por suposto, na Deputación Provincial da Coruña, integrando nela os postos da subescala inferior segundo as necesidades das áreas concretas. Así mesmo, procede tamén á integración dos postos da subescala auxiliar inferior, dando así cumprimento á norma de non incrementa-lo cadro de persoal.

Nunha primeira fase, a subescala de nova creación, de xestión de Admón. xeral, integrárase con nove postos de traballo, que se consideran necesarios para as áreas que prioritariamente necesitan dunha debida adecuación, e mediante medidas específicas de promoción interna dos funcionarios da subescala administrativa de Admón. xeral, que estean en posesión da diplomatura en Dereito, Económicas, Empresarias ou Políticas e dous anos de antigüidade na Deputación, e con once postos de traballo de Técnicos de Políticas Públicas de Administración Especial, con funcionarios da Subescala Administrativa de Admón. Xeral que estean en posesión dunha diplomatura.

INTERVENCIÓN. SERVICIO DE FISCALIZACIÓN.GASTOS 1: 1 Posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral.

INTERVENCIÓN. SERVICIO DE FISCALIZACIÓN. GASTOS 2: 3 Postos de Técnicos de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial

INTERVENCIÓN. SERVICIO DE FISCALIZACIÓN. INGRESOS: 1 Posto de Técnicos de Xestión de Administración Xeral.

INTERVENCIÓN.ORZAMENTOS E ESTUDIOS ECONÓMICOS: 1 Posto dun Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN: 1 Posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral e 2 Postos de Técnicos de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial

RECADACIÓN PROVINCIAL: 1 Posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral e 1 Posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial.

XESTIÓN DE PERSOAL: 3 Postos de Técnicos de Xestión de Administración Xeral .

FOMENTO E SERVICIOS PROVINCIAIS. CULTURA: 2 Postos de Técnicos de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial

XESTIÓN DE PLANS E INFRAESTRUCTURA. PLANS XERAIS: 1 Posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral

SECRETARÍA XERAL. CENTRAL, ACTAS, REXISTRO, INFORM.: 1 Posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral

ASISTENCIA A MUNICIPIOS: 1 Posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial

TESOURERÍA: 1 Posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial.

Os funcionarios que ocupen postos de xefatura, terán garantida a continuidade no desempeño do mesmo posto, unha vez superado, no seu caso, o proceso correspondente de promoción interna.

Así mesmo, o criterio prioritario de adscrición dos novos postos será o de que serán ocupados por funcionarios que veñan desempeñando as súas funcións nas mesmas áreas, e como criterio supletorio, o da puntuación acadada no proceso correspondente de promoción interna.

De seguido, nas referidas áreas integráranse vinte postos de traballo de Administrativo de Admón. Xeral (no caso de que queden vacantes as prazas de Técnicos de nova creación transformaranse en prazas de Administrativos de Admón. Xeral) mediante medidas específicas de promoción interna dos funcionarios da subescala Auxiliar da Admón. xeral que estean en posesión do Bacharelato Superior e dous anos de antigüidade na dita subescala da Deputación da Coruña ou, sen a dita titulación, dez anos de antigüidade na mesma subescala desta Deputación (Disposición Adicional Vixésimo segunda da Lei 30/1984.

Así mesmo, crearíanse postos de traballo da subescala Administrativa de Admón. xeral, nas áreas que se especifican de seguido, e que tamén se integrarían a través das devanditas medidas específicas de promoción interna, con funcionarios que reúnan os requisitos indicados no parágrafo anterior.

**ASESORÍA XURÍDICA: 1 POSTO**  
**INSPECCIÓN TRIBUTARIA. 2 POSTOS**  
**SERVICIOS TÉCNICOS DE VÍAS E OBRAS: 1 POSTO**  
**TESOURERÍA PROVINCIAL: 1 POSTO**

Estas medidas levarían, pois, á amortización de vintecinco postos de traballo da subescala Auxiliar de Admón. xeral nas áreas de que se trata.

Nos respectivos procesos selectivos teranse en conta os acordos Administración-Sindicatos en canto temarios e probas selectivas.

Igualmente, procederase á transformación de dous postos de ZAPATEIRO (Fogar Infantil La Milagrosa e Colexio Calvo Sotelo), vacantes na actualidade, en dous de SUBALTERNO de Admón. xeral, tendo en conta que xa non existen as necesidades que motivaban a inclusión daqueles no Cadro de Persoal e que os funcionarios que estaban a ocupalos, xubilados recentemente, desempeñaban xa de feito, e de conformidade co disposto no art. 169. 1. d) do R.D. Lexislativo 781/1986, as funcións de Subalterno por necesidades do Servicio. Unha das prazas (a do Fogar Infantil La Milagrosa) adscribirase ó Instituto Rafael Puga Ramón. Así mesmo procederase á transformación do posto de

REPARTIDOR DO BOP en AUXILIAR DE TALLER EN IMPRESIÓN na Imprenta Provincial.

Por último, e tendo en conta a supresión dos servizos que se estaban a prestar no Fogar Xuvenil "A Milagrosa", adscribiríase definitivamente ó persoal, tanto funcionario, como laboral, que figuraba na Relación de Postos de Traballo adscrito ó dito Centro, ós postos ós que foron adscritos provisionalmente no momento da supresión da actividade deste, agás unha praza de COCIÑEIRO e unha de AXUDANTE DE COCIÑA do cadro de persoal laboral ó Colexio Calvo Sotelo.

As devanditas medidas implican a creación da subescala de Xestión de Admón. xeral e a modificación da Relación de Postos de Traballo, no sentido indicado, polo Pleno da Corporación.

## 2) SUSPENSIÓN DE INCORPORACIÓNS DE PERSOAL EXTERNO.

As medidas postas de manifesto no apartado anterior, tendo en conta que se pretende non aumenta-lo Cadro de Persoal actual, supón a necesaria aplicación do disposto no artigo 18.2.b) da Lei 30/1984, precepto básico, polo que, unha vez rematados os procesos selectivos das Ofertas de Emprego 2001-2002, xa convocados, suspenderanse as incorporacións de persoal externo nas áreas afectadas polo presente Plan de Emprego, anteriormente sinaladas.

## 3) REASIGNACIÓN DE EFECTIVOS

Deberá realizarse, como máximo, nos prazos establecidos no artigo 20.1.g) da Lei 30/1984.

Os funcionarios afectados terán en todo caso garantida a similitude de características, funcións e retribucións entre os postos que ocupaban e os postos ós que sexan reasignados, e tendo sempre en conta o disposto no art. 78.2 do R.D. 364/1995, Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos e promoción dos funcionarios da Admón. civil do Estado, de aplicación supletoria, en canto á preferencia na adxudicación do mesmo posto que xa ocupaban ós funcionarios que accedan a prazas por promoción interna, trala solicitude polo interesado.

## 4) MEDIDAS ESPECÍFICAS DE PROMOCIÓN INTERNA.

As medidas que se van adoptar, en canto se refire á provisión dos postos afectados, haberán de axustarse ó disposto no art. 18.2.e) e f) da Lei 30/1984 e na súa Disposición Adicional Vixésima Primeira, así como ó xa citado art. 78.2 do R.D. 364/1995.

As convocatorias, que aprobará a Presidencia da Corporación, como órgano competente, terán en conta as probas xa superadas polos funcionarios afectados en procesos selectivos anteriores, polo que se empregará nelas o sistema de Concurso-Oposición, valorándose na fase de Concurso con criterios obxectivos as aptitudes, formación, experiencia e antigüidade.

A Mesa de Negociación do persoal funcionario fixará os criterios de valoración para optar ós novos destinos, por parte do persoal que, por mor da aplicación deste plan de emprego lle houbera que adxudicar un novo destino.

#### 5) PERSOAL LABORAL

O persoal laboral afectado polo presente Plan de Emprego (adscrito provisionalmente a outros postos, con motivo da supresión das actividades do Fogar Xuvenil " A Milagrosa", así como da supresión dos servizos nocturnos no Fogar Infantil de Ferrol). quedará adscrito definitivamente ós postos que está a ocupar na actualidade, aplicándose no procedente os procedementos establecidos nos arts. 39 e 41 do Estatuto dos Traballadores.”

### **3.- APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO ANO 2003.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 6 deputados (PSOE)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“De conformidade co establecido nos arts. 90 e seguintes da lei 7/1985, do 2 de abril e seguintes do real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e demais lexislación vixente; aprobar as modificacións do cadro de persoal e Relación de postos de traballo para o ano 2003 que figuran de seguido:

#### **PERSOAL FUNCIONARIO**

##### **1) SERVICIO DE ORGANIZACIÓN, CALIDADE E MODERNIZACIÓN**

Creación do novo servizo cos seguintes postos de traballo coa descrición e funcións que se detallan:

-XEFE DE SERVICIO DE ORGANIZACIÓN, CALIDADE E MODERNIZACIÓN

-DOTACIÓN: 1

-GRUPO: A

- ADMINISTRACIÓN ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL XERAL

- NIVEL DE DESTINO: 28

-FORMA DE PROVISIÓN: L.D. ENTRE FUNCIONARIOS DA DEPUTACIÓN.

-TITULACIÓN: 1/6

- FORMACIÓN ESPECÍFICA: CURSO DE INSPECCIÓN DE SERVICIOS

- OBSERVACIÓNS: ESPECIAL DEDICACIÓN.

FUNCIÓNS:

- Dirixir, supervisar e controlar as unidades que compoñen o Servizo e os seus traballos.
- Planificar, organizar e coordinar as actividades e proxectos do Servizo.
- Asesorar ós Servizos e ós órganos políticos nas materias propias do Servizo.
- Colaborar coa Presidencia e/ou co deputado delegado na fixación de obxectivos, na formulación de propostas, anteproxectos, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución e coordinación, e, en xeral, en todas aquelas materias propias do seu ámbito competencial e para as que requiran a participación do Servizo.
- Despachar coa Presidencia e/ou co deputado delegado, canalizando adecuadamente todas as reclamacións entre os órganos políticos e o persoal do Servizo.
- Elaborar estudos, informes e propostas, por iniciativa do Servizo, a pedimento doutros Servizos ou por encargo dos órganos de goberno.
- Establecer relacións con institucións, referentes ás actividades do Servizo, así como, redactar as propostas de convenios ou acordos que se asinen con estas.
- Colaborar co Servizo de Persoal na selección do persoal para o Servizo.
- Colaborar na elaboración de plans de formación para o persoal do Servizo.
- Controlar a adquisición do material que se realice para o Servizo.
- Velar polo cumprimento do Servizo da normativa vixente en materia de persoal.
- Desenvolver as atribucións encomendadas ó Servizo en materias de organización e racionalización administrativa, calidade, inspección de servizos e modernización.
- Desenvolver as funcións que se encomendan ó Servizo en materia de control interno, inspección de servizos e avaliación de unidades administrativas.

-Coidar que a actuación administrativa dos Servicios se acomode ás disposicións e normas vixentes, velando polo correcto funcionamento dos servicios, pola consecución dos obxectivos previamente programados, e porque os recursos materiais e humanos se utilicen adecuadamente e co menor custo posible.

-Informar ó cidadán en todo o relativo ás súas relacións coa Administración.

-Dinamizar o funcionamento de todas as unidades da entidade e contribuír a acadar os obxectivos do proxecto de racionalización administrativa e modernización.

-Impulsar de maneira continua a modernización das actividades de dirección e xestión da entidade, promovendo a introducción de técnicas modernas de xestión, relacionadas especialmente coa implantación de modelos e sistemas de planificación estratéxica, dirección por obxectivos e control de xestión, a avaliación do rendemento das unidades administrativas, a utilización de modelos e sistemas de calidade e mellora continua, o estudo e proposta dos cambios oportunos para a modernización global da estrutura organizativa e as normas de funcionamento interno, a definición e implantación de sistemas de información avanzadas para a dirección e a xestión, así como aquelas outras que se consideren relevantes para o proceso de modernización.

-Impulsar e coordinar as actividades para a fixación de obxectivos, a elaboración e execución de plans de mandato, plans de actuación xerais e sectoriais, programas e proxectos anuais, para a coordinación da súa execución, o control da súa evolución económica, a avaliación dos seus resultados e a valoración do seu impacto nos destinatarios.

-Establecer criterios, normas e pautas para a elaboración das memorias anuais.

-Colaborar na elaboración da memoria anual e de mandato da Corporación.

-Informar ós órganos políticos das alternativas de tipo técnico para cumprir programas de actuación a curto, medio e longo prazo, e facilitar a toma de decisións.

-Propoñer a celebración de reunións que estudien asuntos, dando conta dos seus resultados, a creación de grupos de proxecto, transmitir no ámbito da súa competencia as instrucións necesarias para o cumprimento dos obxectivos fixados, coordinar servicios ou unidades coa finalidade de harmonizar e axilizar tarefas de xestión, velando pola execución dos acordos tomados polos órganos de goberno en relación ós asuntos competencia do Servicio.

-Colaborar nos aspectos funcionais daqueles proxectos técnicos que sexan asumidos polas unidades que forman o Servicio.

-Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.

-Manexar os ordenadores, aplicacións informáticas corporativas e/ou departamentais, os aspectos ofimáticos e de comunicacións que sexan implantados na entidade.

-E, en xeral, todas aquelas funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo presidente e/ou polo deputado delegado e sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecemento e experiencia.

## ADXUNTO A XEFE DE SERVICIO

GRUPO: A

NIVEL: 26

DOTACIÓN: 1

FORMA DE PROVISIÓN: L.D. ENTRE FUNCIONARIOS DA DEPUTACIÓN.

ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/XERAL.

TITULACIÓN: 1/6

FORMACIÓN ESPECÍFICA: CURSO DE INSPECCIÓN DE SERVICIOS.

OBSERVACIÓN: ESPECIAL DEDICACIÓN.

### FUNCIÓN:

-Colaborar, axudar, asistir, e cando sexa necesario substituír, ó xefe do Servicio, na realización de todas as súas funcións e no desempeño de todas as súas responsabilidades.

-Colaborar especialmente nas tarefas da Sección de Calidade e Modernización, e no desenvolvemento de todas as atribucións encomendadas ó Servicio en materia de organización e racionalización administrativa, calidade, inspección de servicios e modernización.

-Axudar a impulsar de maneira continua a modernización das actividades de dirección e xestión da entidade, promovendo a introducción de técnicas modernas de xestión, relacionadas especialmente coa implantación de modelos e sistemas de planificación estratéxica, dirección por obxectivos e control de xestión, a avaliación do rendemento das unidades administrativas, a utilización de modelos e sistemas de calidade e mellora continua, o estudo e proposta dos cambios oportunos para a modernización global da estrutura organizativa e as normas de funcionamento interno, a definición e implantación de sistemas de información avanzadas para a dirección e xestión, así como aquelas outras que se consideren relevantes para o proceso de modernización.

-Desenvolver os aspectos funcionais daqueles proxectos técnicos que sexan asumidos polas unidades que forman o Servicio e colaborar nas actividades destes, e especialmente do sistema de Xestión de Procedementos Administrativos.

-Elaborar análises, estudos, informes e propostas por encargo do xefe de Servicio.

-Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.

-Manexar os ordenadores, aplicacións informáticas corporativas e/ou departamentais, os aspectos ofimáticos e de comunicacións que sexan implantados na entidade.

-E, en xeral, todas aquelas funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo Xefe do Servicio de Organización, Calidade e Modernización e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.

## XEFE DE SECCIÓN DE CALIDADE E MODERNIZACIÓN

- GRUPO: A/B
- NIVEL: 24
- DOTACIÓN: 2
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO ENTRE FUNCIONARIOS DA DEPUTACIÓN.
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. ESPECIAL XERAL.
- TITULACIÓN: 1/6
- FORMACIÓN ESPECÍFICA: CURSO DE INSPECCIÓN DE 9 SERVICIOS.
- OBSERVACIÓNS: ESPECIAL DEDICACIÓN.

## FUNCIONES

- Desenvolver todas as funcións e tarefas indicadas polo xefe do Servicio de Organización, Calidade e Modernización e/ou polo adxunto ó Xefe do Servicio, en relación coas funcións do propio Servicio en materia de organización e racionalización administrativa, calidade, inspección de servicios e modernización.
- Desenvolver as funcións e tarefas necesarias para o desenvolvemento continuo e consolidación da modernización das actividades de dirección e xestión da entidade, promovendo a introducción de técnicas modernas de xestión, relacionadas especialmente coa implantación de modelos e sistemas de planificación estratéxica, dirección por obxectivos e control de xestión, a avaliación do rendemento das unidades administrativas, a utilización de modelos e sistemas de calidade e mellora continua, o estudo e proposta dos cambios oportunos para a modernización gobar da estrutura organizativa e as normas de funcionamento interno, a definición e implantación de sistemas de información avanzadas para a dirección e a xestión, así como aquelas outras que se consideren relevantes para o proceso de modernización.
- Colaborar no desenvolvemento dos aspectos funcionais e técnicos dos proxectos nos que participe o Servicio e axudar en todas as actividades destes, e especialmente na implantación do Sistema de xestión de procedementos Administrativos.
- Elaborar análises, estudos, informes e propostas.
- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Manexar os ordenadores, aplicacións informáticas corporativas e/ou departamentais, os aspectos ofimáticos e de comunicacións que sexan implantados na entidade.
- E, en xeral, todas aquelas funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo xefe do Servicio de Organización, Calidade e Modernización e/ou polo



adxunto ó Xefe do Servico, e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.

## ADMINISTRATIVO

-NIVEL: 19

-GRUPO: C

-DOTACIÓN: 2

-FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO

-ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. XERAL.

-TITULACIÓN: 3

## FUNCIÓN:

-Desenvolver as funcións e tarefas administrativas que lle sexan encargadas en relación coas funcións do propio Servico, en materia de organización e racionalización administrativa, calidade, inspección de servicos e modernización.

-Desenvolver os aspectos administrativos e documentais dos proxectos nas que participe o Servico e axudar en todas as actividades destes, e especialmente na implantación do sistema de Xestión de Procedementos Administrativos.

-Redactar e preparar os documentos e recompilacións de información e documentación.

-Xestionar convocatorias de reunións e a documentación asociada a estas, preparando borradores de actas, acordos e demais aspectos administrativos.

-Solicitar e enviar ás áreas de xestión, así como a outros puntos de interese, a documentación e información xeral ou puntual que se lle indique en cada caso.

-Asistir ás reunións que se lle convoque e axudar en todas as tarefas administrativas e informáticas que sexan necesarias para o desenvolvemento das funcións do Servico.

-Recoller información e documentación dos distintos departamentos, estruturala, arquivala e introducila e actualizala nos sistemas informáticos que manexe o Servico.

-Seleccionar e estruturar a normativa aplicable, en relación con materias que afectan ó Servico, mantendo ficheiros de xurisprudencia e normativa sobre estas. Buscar acordos, disposicións legais, resolucións, etc., a pedimento de membros do Servico.

-Recoller consultas, pedimentos, queixas e reclamacións, en relación co Servico.

-Atender ás visitas que sexan necesarias e relativas á actividade do Servico.

-Levar e xestionar a axenda diaria de asuntos e actividades propias do Servico, efectuando, o soporte da dita axenda (citas, chamadas, convocatorias, etc.), incluso para o persoal técnico do Servico que non conte con persoal auxiliar.

-Manter actualizada a relación de permisos, quendas de vacacións, etc.

-Despachar a correspondencia e preparar documentación para a sinatura.

-Realizar notificacións e comunicacións. Redactar oficios de trámite.

-Arquivar todo tipo de documentos que se manexen no Servico.

- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Manexar os ordenadores, aplicacións informáticas corporativas e/ou departamentais, os aspectos ofimáticos e de comunicacións que sexan implantados na entidade.
- E, en xeral, todas aquelas funcións de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan encomendadas polo xefe do Servicio de Organización, Calidade e Modernización e/ou polo adxunto ó xefe do Servicio, e que sexan adecuadas á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia.

Adscribir a este Servicio os seguintes postos de traballo existentes no cadro de persoal e actualmente no Gabinete de Planificación e Control, a partir do día 1 de xaneiro de 2003:

#### XEFE DE SECCIÓN DE ORGANIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA.

- NIVEL: 24
- GRUPO: A
- DOTACIÓN: 1
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. ESPECIAL/XERAL
- TITULACIÓN: 1/6
- FORMACIÓN ESPECÍFICA: NINGUNHA
- OBSERVACIÓNS. ACTUALMENTE CUBERTA.

#### TÉCNICO SUPERIOR EN INFORMÁTICA

- NIVEL: 22
- GRUPO: A
- DOTACIÓN: 3
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO OPOSICIÓN
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. ESPECIAL
- TITULACIÓN: LICENCIADO EN INFORMÁTICA
- OBSERVACIÓNS: VACANTES (CUBERTAS INTERINAMENTE)

#### AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- NIVEL: 16
- GRUPO: D
- DOTACIÓN: 1
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. XERAL
- TITULACIÓN: 4
- OBSERVACIÓNS: ACTUALMENTE CUBERTA

### 2)GABINETE DE PLANIFICACIÓN E CONTROL

Reestructuración do Servicio consecuencia da adscrición dos postos que integran a Sección de Organización e Innovación Tecnolóxica ó novo Servicio de Organización, Calidade e Modernización, coa creación dos seguintes postos de traballo:

#### XEFE DE SECCIÓN DE FORMACIÓN

- GRUPO: A
- NIVEL: 24
- DOTACIÓN: 1
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL/ESPECIAL.
- TITULACIÓN: 1/6

#### FUNCIÓNS:

- Dirección, xestión e coordinación da Sección de Formación.
- Realización do estudo de necesidades de formación do persoal.
- Negociación do Plan de Formación cos representantes sindicais.
- Deseño, planificación, xestión, control de execución, e avaliación do Plan de Formación.
- Coordinación das actividades de formación con outros organismos (INAP, EGAP, FEMP, FEGAMP, etc.).

#### XEFE DE SECCIÓN DE XESTIÓN DE PROXECTOS

- GRUPO: A
- NIVEL: 24
- DOTACIÓN: 1
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. XERAL/ESPECIAL
- TITULACIÓN: 1/6/7

#### FUNCIÓNS:

Baixo a supervisión do xefe do Servicio e en colaboración coas outras xefaturas deste será responsable de:

- Dirixir, xestionar e coordinar a Sección e o persoal dela, especialmente na redacción, implantación, xestión e avaliación dos proxectos cofinanciados pola UE.
- A construción, redacción, presentación, execución e avaliación de proxectos.
- Supervisar a busca de socios e o establecemento das relacións de partenariado necesarias para os ditos proxectos.
- Os estudos e propostas de proxectos que poidan ser cofinanciados pola UE.

- Estudiar os orzamentos provinciais e propoñer a presentación de proxectos cando a previsión orzamentaria indique a posibilidade de obter cofinanciamento.
- Coordinar coa Sección de Formación, a realización das actividades de formación “ad hoc” necesarias para a elaboración, execución e avaliación dos ditos proxectos.
- Supervisar a determinación e aplicación das técnicas e normas de avaliación e certificación de calidade para os ditos proxectos.

#### TÉCNICO DE XESTIÓN DE PROXECTOS

- GRUPO: A
- NIVEL: 22
- DOTACIÓN: 1
- FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO
- ADMINISTRACIÓN/ESCALA: ADMÓN. XERAL/ESPECIAL
- TITULACIÓN: 1/6/7

#### FUNCIÓNS:

- Elaboración dos diagnósticos necesarios para a presentación de proxectos, creando e mantendo un banco de datos sobre a provincia en relación a estes.
- Preparación dos proxectos e posta en marcha destes desde a perspectiva técnica e da súa aplicación.
- Preparación dos cadros de mando dos proxectos, e elaboración das estruturas e manuais de funcionamento, adaptados a cada proxecto singular.
- Elaboración dos manuais de formación necesarios para os participantes no proxecto.
- Supervisión da coordinación das accións contidas nos proxectos e das actuacións dos diversos socios cando aqueles sexan multisocio ou transnacionais.
- Agregación e tratamento da información necesaria sobre a actividade doutras administracións públicas que poida ser de interese para a provincia e a súa publicación mediante as ferramentas axeitadas (web, boletíns electrónicos, cursos, xornadas, etc.).
- Coordinación dos proxectos cofinanciados pola UE, realización dos informes e documentos que teñan que remitirse á administración autonómica, central ou comunitaria competente, e en particular, realización do seguimento, informes, propostas e documentos de natureza administrativa dos proxectos da Deputación Provincial da Coruña e daqueles concellos que o deleguen nela, mediante a constitución da oportuna estrutura de partenariado que para o efecto poida formarse.
- Elaboración do manual de xestión e avaliación dos ditos proxectos, así como do manual de procedemento contable e orzamentario e da preparación dos procedementos de xestión acordados cos parámetros esixidos polas normas reguladoras da convocatoria que no seu caso regule cada proxecto cofinanciado.

Dentro do mesmo Gabinete de Planificación e Control amortización dun Técnico de Organización. Grupo A, nivel 24 de complemento de destino.

En consecuencia o Servicio queda configurado cos seguintes postos de traballo:

- 1 Xefe do Servicio de Planificación e Control, c/e Grupo A, nivel 28 de complemento de destino.
- 1 Xefe da Sección de Publicacións e Información. Grupo A/B, nivel 24.
- 2 Técnicos Superior Unión Europea. Grupo A, nivel 22.
- 1 Xefe de Negociado A/B/C, nivel 22.
- 1 Administrativo. Grupo C. Nivel 19.
- 1 Auxiliar Administrativo. Grupo D, nivel 16.
- 1 Xefe da Sección de Formación. Grupo A, nivel 24.
- 1 Administrativo. Grupo C. Nivel 19.
- 1 Auxiliar Administrativo. Grupo D, nivel 16.
- 1 Xefe da Sección de Xestión de Proxectos. Grupo A, nivel 24.
- 1 Técnico de Organización. Grupo A, nivel 24.
- 1 Técnico de Xestión de Proxectos. Grupo A, nivel 22- Nova creación.
- 1 Administrador de sistemas/rede. Grupo A, nivel 22.

### 3)SERVICIOS TÉCNICOS DE URBANISMO

Creación dun posto de xefe de Sección. A.E. Grupo B, nivel 23 de complemento de destino e amortización dun posto de Arquitecto Técnico. A.E. Grupo B, nivel 22 de complemento de destino.

#### FUNCIÓNS:

- Colaboración co xefe do Servicio na redacción de proxectos, dirección de obras, certificacións e liquidacións de obras.
- Coordinación do persoal adscrito ó Servicio de Arquitectura e Urbanismo.
- Conservación de edificios do Patrimonio Provincial.
- Coordinación de acutacións relativas a materias de seguridade e saúde dos proxectos e obras xestionadas polo Servicio de Arquitectura e Urbanismo.

### 4)SERVICIO DE VÍAS E OBRAS

Modificación do complemento específico dos 4 postos de Enxeñeiros Técnicos de Vías e Obras. Grupo B, nivel 24, equiparándoo ó do posto de xefe de Sección, con efectos do 1/01/2002. Diferencia: 44,92 euros mensuais. Total: 2.156,16 euros.

### 5)SERVICIO DE PERSOAL

Modificación do posto de xefe de Negociado A.X. Grupo A, nivel 22 de complemento de destino, pasando a configurarse como Xefe de Negociado A.X. Grupo A/B/C con nivel 22 de complemento de destino.

#### 6)MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E R.P.T. DERIVADAS DO PLAN DE EMPREGO.

-Creación de 9 prazas e postos de traballo de Técnico de Xestión de Administración Xeral. Grupo B, con nivel 21 de complemento de destino e 11 prazas e postos de traballo de Técnicos de Xestión de Políticas Públicas de Administración Especial, nos Servicios que de seguido se detallan:

-Intervención. Servicio de Fiscalización. Sección de Gastos I. 1 Posto de Técnico de Xestión de Admón. Xeral.

-Intervención. Servicio de Fiscalización. Sección de Gastos II. 3 Postos de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Admón. Especial.

-Intervención. Servicio de Fiscalización. Sección de Ingresos: 1 Posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral.

-Intervención. Sección de Presupostos e estudos económicos: 1 Posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Admón. Especial.

-Servicio de Patrimonio e Contratación: 1 Posto de Técnico de Xestión de Admón. Xeral e 2 postos de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Admón. Especial.

-Servicio de Recadación: 1 Posto de Técnico de Xestión da Admón. Xeral e 1 posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas da Admón. Especial.

-Servicio de Xestión de Persoal: 3 postos de Técnico de Xestión da Admón. Xeral.

-Fomento e Servicios provinciais. Sección de Cultura: 2 Postos de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Admón. Especial.

-Xestión de Plans e Infraestrutura. Plans Xerais: 1 Posto de Técnico de Xestión de Admón. Xeral.

-Secretaría Xeral. Central, Actas, Rexistro e Información: 1 Posto de Técnico de Xestión de Admón. Xeral.

-Asistencia a Municipios: 1 Posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Admón. Especial.

-Tesourería: 1 Posto de Técnico de Xestión de Políticas Públicas de Admón. Especial.

-Transformación de 2 postos de zapateiro vacantes no cadro de persoal de funcionarios en 2 postos de subalterno, adscribíndose 1 ó CP “Puga Ramón” e a outra ó Colexio Calvo Sotelo.

-Adscripción definitiva de 5 postos de traballo de Celadora. Grupo E, nivel 13 de complemento de destino e 2 postos de Operaria de Servicos varios. Grupo E, nivel 13 de complemento de destino existentes no cadro de persoal do Colexio “A Milagrosa” ó Fogar Infantil “Emilio Romay”.

## PERSOAL LABORAL

### 1)MODIFICACIÓN COMPLEMENTO DE PLUS CONVENIO PERSOAL DA IMPRENTA PROVINCIAL

Modificación da contía do complemento de Plus Convenio fixado por acordo plenario do pasado día 25 de outubro de 2003, para o persoal incluído no grupo IV.2 (Oficial industrial, gravador de textos e impresor) do vixente Convenio Colectivo do persoal laboral, quedando establecido na cantidade de 11.269,52 euros anuais co fin de igualar o total de retribucións que percibe este persoal, co incluído no grupo III.3 do vixente Convenio Colectivo do persoal laboral, en virtude do sinalado na sentenza núm. 210/92 do Xulgado do Social núm. 5 da Coruña e acordo plenario do 6/11/1992.

### 2)MODIFICACIÓNS CADRO DE PERSOAL E R.T.P. DERIVADAS DO PLAN DE EMPREGO.

-Transformación dun posto de Repartidor do BOP en Auxiliar de Taller na Impresión da Imprenta Provincial.

-Adscrición definitiva dun posto de cociñeiro/a (Grupo V.I.b), 1 posto de Perruqueiro/a (Grupo IV.6), 1 posto de Axudante de Cociña (V.6), 2 postos de Celadora (V.7) e 2 postos de Operaria de Servicios (Grupo V.10) existentes no cadro de persoal do Colexio “A Milagrosa” ó Fogar Infantil “Emilio Romay”.

-Adscrición definitiva dun posto de Cociñeira (Grupo IV.5) e un posto de Axudante de Cociña (Grupo V.6) existentes no cadro de persoal do Colexio “A Milagrosa” ó Colexio Calvo Sotelo.

## PERSOAL EVENTUAL

Transformar nun posto de Técnico. Grupo B, nivel 21 con especial dedicación, asimilado para os efectos de retribucións a Técnico de Xestión, nun posto de Técnico. Grupo A, nivel 24 con especial dedicación, asimilado para os efectos de retribucións a Xefe de Sección.

En consecuencia, o Cadro de Persoal Funcionario, Laboral e Eventual, e a Relación de Postos de Traballo, para o ano 2003, quedaría como segue:

### **CADRO DE PERSOAL 2003**

#### **PERSOAL FUNCIONARIO**

## **FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**

### **GRUPO-PRAZAS**

Secretario Xeral: A-1  
Interventor Xeral: A-1  
Tesoureiro: A-1  
Oficial Maior: A-1  
Viceinterventor: A-1  
Interventor Adxunto: A-1  
Vicetesoureiro: A-1  
Xefe Servicio Asistencia Económica: A-1

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

### **SUBESCALAS**

Técnica: A-27  
Xestión: B-9  
Administrativa: C-53  
Auxiliar: D-137  
Subalterna: E-22

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

### **SUBESCALA TÉCNICA**

### **CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

Letrado Asesor Xurídico: A-1  
Arquitecto: A-1  
Enxeñeiro Industrial: A-1  
Enxeñeiro Vías e Obras: A-2  
Arquiveiro Bibliotecario: A-1  
Técnico de Organización: A-2  
Xefe Servicio de Informática: A-1  
Técnico Superior Informática: A-3  
Técnico Superior Unión Europea: A-2  
Analista: A-8  
Administrador Sistemas/Rede: A-1  
Traductor de Galego: A-2



Xefe Servicio Xestión Tributaria: A-1  
Xefe Servicio Inspección Tributaria: A-1  
Inspector de Tributos Locais: A-1  
Profesor B.U.P.-C.O.U. Colexio H. Puga Ramón: A-24  
Profesor F.P. Teóricas C. Calvo Sotelo: A-6  
Director Servicio Asist. a Municipios: A-1  
Letrado Asesor Xefe Serv. Asist. Municipios: A-1  
Letrado Adxunto: A-1  
Xefe Serv. Asist. Técnica: A-1  
Adxunto Xefe S. Asistencia Técnica: A-1  
Xornalista: A-1  
Administrador do Contorno Informático: A-1  
Técnico de Xestión Cultural: A-1  
Recadador de Tributos Locais: A-1.  
Técnico Prevención Riscos Laborais: A-1  
Médico Especialista Medicina Traballo/Diplomado Medicina Empresa: A-1  
Técnico Biblioteca e Arquivo: A-1  
Técnico Xestión Proxectos: A-1  
Psicólogo: A-1

## **CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO**

Profesor Música: B-1  
Profesora de Danza: B-2  
Pianista: B-2  
Arquitectos Técnicos: B-3  
Enxeñeiros Técnicos Vías y Obras: B-4  
Enxeñeiro Técnico Agrícola: B-1  
Enxeñeiro Técnico Industrial: B-1  
Analista Programador: B-2  
Encargado Imprenta: B-1  
Asistentes Sociais: B-3  
Profesor Fogar Colexio H. Puga Ramón: B-1  
Axudante arquivo e biblioteca: B-12  
Enxeñeiros técnicos en topografía: B-2  
Técnicos de xestión económico-financeira: B-16  
Profesor E.F. Colexio Puga Ramón: B-1  
Profesor E.C. Colexio Puga Ramón: B-1  
Monitor: B-1  
Analistas técnicos: B-3  
Subinspector de Tributos Locais: B-2

Técnicos de Xestión tributaria: B-18  
Profesores de F.P. Prácticas: B-11  
